



8. O Barroco. Da intolerancia á revolución



Para comezar

- Que significan para ti a palabra “tolerancia” e a expresión “ser tolerante”?
- Que sabes dos mosqueteiros? Coñeces dalgún outro rexemento militar que puidera incluso superar a destreza militar dos mosqueteiros? Poderían ter combatido d’Artagnan e os tres mosqueteiros contra o Capitán Alatriste?
- Por que no s. XVII falamos constantemente de Século de Ouro?
- Como é que moitas mulleres no s. XVII eran acusadas de bruxería e cazadas?
- Por que historiadores e historiadoras falan de crise do s. XVII? Deuse esta crise en todas as principais potencias de Europa neste tempo?

Europa en crise

O século XVII correspóndese, en termos xerais, cunha etapa de crise en Europa, baseada na loita entre as diferentes forzas que ostentaban ou aspiraban ao poder, tanto a nivel interno (dentro dos propios reinos) como externo (loita pola hexemonía europea). As causas dos conflitos foron fundamentalmente tres: a resistencia ao poder absoluto, as guerras de relixión (protestantes contra católicos) e a loita pola hexemonía europea. Á crise política contribuírían tamén a demográfica e económica deste período. Non obstante, o século XVII poría as bases do que abriría o camiño ao mundo contemporáneo en todos os ámbitos: político, social, económico e cultural. Ao contrario que no plano político, económico ou social, Europa no século XVII vai experimentar un enorme desenvolvemento cultural. O pensamento político, económico e científico puxeron a semente do que acontecerá na etapa contemporánea.

O noso proxecto



O noso proxecto

Nesta unidade 8 estudaremos as causas e consecuencias da crise do s. XVII en Europa, fundamento básico para comprender o barroco como estilo artístico e como etapa histórica, política, económica e cultural. Nese contexto as epidemias, e máis concretamente a peste, provocaron consecuencias fatais que contribuíron ao estancamento do crecemento da poboación europea.

Repara nesta [imaxe interactiva](#) para facerte unha idea e coñecer de preto a peste en Europa no século XVII:

A nosa proposta agora é que, distribuíndo o traballo por equipos, ao longo dun máximo de tres sesións, sexades quen de elaborar unha entrada para a revista final cos seguintes contidos:

- Unha presentación en formato podcast (audio) onde expliques aspectos relevantes da peste en Europa e España no s. XVII.
- Unha entrada de texto, artigo de revista, onde expliques as medidas tomadas contra a peste.
- Un informe ou similar no que se contraste esta pandemia co resto de epidemias máis relevantes da Historia da humanidade.

Contextualización e produto final

Sesión 1. Presentación, distribución e introdución

Imos falar da evolución do crecemento demográfico en Europa na Idade Moderna. [Vexamos este breve vídeo](#) para poñérmonos en situación.

Repara agora nas seguintes preguntas para a reflexión:

- De tanta utilidade é o pasado para enfrontarmos unha nova pandemia? Canto fomos capaces de aprender dese pasado?
- Por que as pestes tenden a estar asociadas a tempos de fame e guerras?
- Poderíase dar hoxe unha nova peste como a Gran Peste de Sevilla? No caso de darse unha situación similar, que tipo de medidas se tomarían para combatela?
- Como sería a comunicación e a información da pandemia de peste de teren existido os medios tecnolóxicos dos que dispoñemos hoxe?

Sesión 2. Elaboración de contidos

Nesta segunda sesión cada equipo traballará na creación dos contidos que lle correspondan segundo esta distribución:

- Equipo 1. Editores e editoras da revista.
- Equipos 2. Presentación do podcast “A peste en España no século XVII”.
- Equipo 3. Medidas contra a peste española no s. XVII.
- Equipo 4. Galería de “Peste Barroca”.
- Equipo 5. A peste española nas redes sociais, semellanzas e diferenzas entre peste española e a Covid-19.

Contextualización e produto final

Sesión 3. Finalización de contidos e edición final

A terceira sesión ten por obxecto que cada equipo finalice os contidos traballados na sesión dous e entregalos para que o equipo 1 poida editalos para a revista deste proxecto.

- Cada equipo conta con 30' para rematar e entregar os seus correspondentes contidos.
- O equipo 1 poderá aproveitar toda a sesión para planificar e editar ditos contidos na revista final.



Edición e maquetado



Podcast
"A peste. Chegada e expansión en España"



Combatendo a peste



Galería de arte
"A peste barroca"



A peste española
nas redes sociais

Equipo 1. Edición e maquetado

Equipo 1: Editores e editoras da revista dixital. Serán os encargados da edición e maquetado dos contidos traballados na revista dixital do proxecto. Un exemplo de estrutura para o maquetado sería:

1. Tema - (escribe a palabra que resuma o tema da túa entrada, por exemplo Historia, ou Guerra, ou Actualidade....)
2. Título da entrada
3. Resumo moi breve 3/4 liñas (máximo 5 liñas) para adiantar sobre que se vai ler
4. Imaxe
5. Podcast
6. Texto “científico” (medidas antipeste)
7. Galería de arte e redes sociais

Equipo 2. Podcast “A peste. Llegada e expansión en España”

O equipo 2 deberá investigar que foi a peste española no s. XVII, cando e onde se deu, cales foron as causas, como se desenvolveu e cales foron as súas consecuencias.

Valorarase tamén a entrega do guión transcrito do audio. Como ferramentas de edición do voso podcast podedes empregar grabadora de audio, Audacity ou calquera outra ferramenta que sexa do voso agrado.

Equipo 3. Combatendo a peste

O equipo 3 centrarase nas medidas profilácticas contra a peste do s. XVII (texto, medidas e conclusións sobre o seus resultados). Redactade unha investigación atendendo a: como se tratou de combater a peste en España e Galicia no s. XVII a través das medidas de profilaxe. (debe incluír cando menos unha imaxe para que os editores podan incluíla). Cales foron os resultados destas estratexias.

Equipo 4. Galería de arte “A peste barroca”

O alumnado deste grupo buscará información de representacións de arte barroca do s. XVII (pintura ou ilustracións da época) onde se observe o tema da peste ou aspectos relacionados con ela. Con cada imaxe deberá incluír o título, autoría da obra e data (de habela). A galería deberá contar cun mínimo de 4 imaxes e un máximo de 8 exemplos. A presentación da galería pode facerse con distintos métodos: canva, genially, impress, powerpoint... para logo inserila por parte do equipo 1 no produto final.

Equipo 5. A peste española nas redes sociais

O equipo 5 debe contextualizar a peste do s. XVII mirando outras pandemias ao longo da Historia da humanidade. Traballará a peste do s. XVII dende unha perspectiva do s. XXI a través dos medios dixitais dispoñibles: ocuparase de facer un traballo de “simulación de comunicación” nas redes. Intentarades plasmar a través de chíos en Twitter, historias de Instagram ou vídeos TikTok, os principais acontecementos que se daban arredor da peste española do s. XVII e as súas consecuencias: novas, remedios, contaxio, mortandade, impacto psicolóxico etc. Farédelo, cando menos, con 4 ou 5 contidos. Ademais, debes crear hashtags (con cinco é suficiente) sobre o tema en cuestión, seguindo estes modelos: #mascarillasantipeste #corvomédicos ou #pesteemorte.

Para facer correctamente este traballo será importante ter en conta as semellanzas e diferenzas entre a Peste Española e a Covid-19, pois como veredes a través da información facilitada nos links hai máis similitudes do que poda parecer.

Para a proposta dos chíos, historias ou vídeos **non é preciso empregar conta ningunha, senón simplemente simular o formato** para poder poñelo na edición final de contidos. Engadide imaxes ou audiovisual que melloren os contidos.

Equipo 2. Podcast “A peste. Chegada e expansión en España”

- [A peste en España a mediados do s. XVII \(1647-1654\). Medidas profilácticas e repercursións comerciais.](#) Consultar o apartado: “Unha crise arrítmica e multifuncional”.
- [Epidemias de peste en España.](#)
- [A peste de 1600 en Galicia.](#) Ver as páxs. 245-249.
- [A epidemia en Vigo en 1598.](#)
- [A gran praga en Inglaterra.](#)
- [Daniel Defoe e o coronavirus do s. XVII.](#)
- [Mapa da peste en España no s. XVII.](#)
- [Mapa coas etapas da peste en Europa.](#)

Equipo 3. Combatendo a peste

a. **Medidas profilácticas contra a peste**

- [A peste en España a mediados do s. XVII \(1647-1654\). Medidas profilácticas e repercursións comerciais.](#) Consultar os apartados 3 e 4: “Os problemas dun mundo pequeno” e “Unha visión de Estado”.
- [Máscaras “antipeste”. Diario da peste \(Daniel Dafoe\)](#) Ciencia e superstición / O confinamento e outras medidas.
- [Daniel Dafoe e o coronavirus do século XVII.](#)

b. **Consecuencias da Peste.**

- [A peste en España a mediados do s. XVII \(1647-1654\). Medidas profilácticas e repercursións comerciais.](#) Ver apartado 5, “A suma de esforzos”, e conclusións.

Equipo 4. Galería de arte “A peste barroca”

- [Arte y peste: desde el medievo al ochocientos. De la mitología a la realidad](#)

[local](#). Milagros León Vegas. Universidade de Málaga. Consultar páxinas 4 a 7.

- [Sete obras de arte que amosan como foron as cuarentenas nos séculos pasados](#). Estefanía Grijota. 2020. ElPaís/ ICON
- Outras ligazóns
 - [A peste e Murillo](#).
 - [A peste en Sevilla](#).
 - [Os nenos de Murillo e a peste](#).
 - [Escena de Peste I](#). Mattía Petri.
 - [Os horrores da guerra](#).

Equipo 5. A peste española nas redes sociais

- [A peste en España a mediados do s. XVII](#).
- [7 obras para unha cuarentena](#).
- [A peste en Sevilla](#).
- [La peste](#) (wikipedia).
- [Os nenos de Murillo e a peste](#).
- [Os horrores da guerra](#).
- [Máscaras “antipeste”](#).

Finalmente avaliarás o teu desempeño e o dos compañeiros e compañeiras coa seguinte rúbrica de autoavaliación e coavaliación.

As guerras de relixión

Un novo ciclo bélico. Deus e a guerra

Durante case 150 anos nas guerras de relixión participarían territorios de case toda Europa, pero especialmente do centro e do Norte. Neste contexto, os dous poderes hexemónicos en Europa, a monarquía hispánica e o Papado foron postos en cuestión. O acceso de novos poderes canalizaban os seus intereses a través do conflito aparentemente relixioso pero en realidade de moito maior calado. Francia, Inglaterra e Holanda comezarán a poñer en duda a hexemonía hispánica ata levala a unha profunda crise rematada cunha guerra civil por motivos sucesorios. O Papado que contaba co respaldo da monarquía hispánica na defensa da fé católica sufriría a perda de peso sobre todo nos Estados do Norte.

Guerras de relixión

1524 -1525

Guerras campesiñas en Alemaña

1529 - 1531

Guerras de Kappel en Suíza

1546 -1547

Guerra de Esmalcalda no Sacro Imperio

1568 - 1648

Guerra dos 80 Anos nos Países Baixos

1562 - 1598

Guerras de relixión en Francia e conflito hugonote

1618 - 1648

Guerra dos 30 Anos

1639 - 1651

Guerra dos Tres Reinos nas Illas Británicas

1655 - 1660

Guerra do Norte ou polo control do Báltico

1688 - 1697

O Imperio

Os territorios xermanos foron os primeiros en ter que facer fronte aos retos xurdidos coa figura de Lutero. Como vimos na unidade anterior, a doutrina luterana tivo moita acollida polas clases populares grazas á súa defensa da fe individual, persoal, e á celebración da liturxia na lingua do pobo, o alemán. A nobreza viu tamén no protestantismo unha oportunidade política para asegurar os seus intereses fronte á postura máis centralista do emperador. A burguesía percibía unha oportunidade de progreso na defensa luterana do traballo individual como forma de acceder ao éxito persoal. Por último, dende a Igrexa alemá a Reforma permitía desligarse do control de Roma e do Papa.



Créditos: Tiziano

Carlos V a cabalo en Mülberg. Tiziano

A postura conciliadora do emperador Carlos V rematou na Dieta de Worms en 1521, unha asemblea na que Lutero participou e que fracasou. A partir de 1531 desenvolveuse a liga de Esmalcalda, un conxunto organizado de cidades e príncipes en defensa das teses luteranas, e que foi derrotada en Mülberg en 1547 polas forzas imperiais.

Con todo, a resistencia dos partidarios da Reforma conseguiu en 1555, coa paz de Augsburgo, o recoñecemento por parte do novo emperador Fernando I da tolerancia relixiosa baseada na tese *cuius regio, eius religio*, pola cal os príncipes alemáns decidían o credo por unha fe ou outra no seus territorios.

O conflito hugonote

Francia foi outro dos territorios afectados pola expansión do reformismo en Europa. Neste caso sería o calvinismo a doutrina que tería maior influencia. Hugonotes era o nome polo que se coñecían os calvinistas e seguidores da Reforma en Francia. A monarquía francesa apostou pola defensa do catolicismo no reino e Henrique II iniciaba a represión contra os protestantes. O acceso da familia Guisa ao poder na corte animou a Francisco II a endurecer a represión. Os protestantes fracasaron no seu intento de frear o monarca na súa política de intolerancia relixiosa. A Conxura de Amboise en 1560 remataba coa execución dos líderes do movemento e abría as portas ás guerras de relixión en Francia.

Créditos: Xilografía de J. Perrisin (Wellcomecollection)



Execución dos promotores da Conxura de Amboise.

A rexencia de Catarina de Medici, nai do príncipe herdeiro, Carlos IX, defendeu unha

política tolerante que fortalecese o papel da monarquía en Francia. Deste modo recoñeceuse o dereito ao libre culto privado, pero esta política máis tolerante fracasou.

O duque de Guisa retomaría o control da corte da raíña rexente e reiniciaba a represión contra os hugonotes. Nun contexto de guerra internacional no que participaban tamén Inglaterra, España e os príncipes alemáns, a barbarie da intolerancia chegaría coa matanza dos hugonotes na [Noite de San Bartolomeu](#) en 1572.



Sabías que...?

Catarina de Medici é unha das personaxes máis controvertidas do contexto das guerras de relixión en Francia. O seu interese pola astronomía foi confundido por algunhas persoas con intereses polo oculto, que lle valeron os alcumes de *madame serpe* ou *raíña negra*. A realidade é que, como calquera gobernante, Catarina conspirou e mentiu cando foi necesario, pero non foi máis cruel que outros monarcas da época. Tamén resultou ser unha apaixonada da arte e grande mecenas da época.

Escoita [neste podcast](#) parte da historia da raíña máis poderosa de Europa.



Unha mañá ás portas do Louvre, de Edouard Debat-Ponsan, s. XIX.

Anglicanismo, as guerras de relixión na Illas Británicas

A morte de Henrique VIII de Inglaterra deu lugar a un período de forte inestabilidade na coroa inglesa. Reinados de curta duración axitados polos xiros radicais en defensa dunha ou doutra causa relixiosa.



Sabías que...?

O Bloody Mary é un fortísimo cocktail de licor creado en Reino Unido en honor de María I Tudor. As illas británicas ofrécennos un perfecto exemplo da participación das mulleres nas guerras de relixión dende as máis altas esferas do poder. Todo comeza coa sucesión de Henrique VIII. Eduardo VI apenas puido reinar pois morreu de varíola sendo un mozo, con apenas 15 anos. Neste momento as mulleres pediron paso.

- Primeiro, a protestante Jean Grey, cuxo curto reinado rematou de forma abrupta tras ser executada no cadafalso polos partidarios católicos da raíña [María I Tudor](#), filla de Henrique VIII e Catarina de Aragón. Esta levou a cabo un dura política de represión e persecución dos protestantes, polo que recibiu o alcume de María, a sanguinaria (Bloody Mary).
- Á súa morte [Sabela I](#) tomaba o trono de Inglaterra e devolvía o protagonismo aos protestantes anglicanos. Na súa loita contra o catolicismo enfrontouse á coroa de España e tamén á súa curmá [María I Estuardo](#), raíña de Escocia quen atoparía a súa trágica morte co filo da machada do verdugo da raíña de Inglaterra.

Ao igual que aconteceu con Catarina de Medici, estas tres importantes mulleres pasaron á historia desde unha perspectiva patriarcal, que xerou mitos e medias verdades arredor das súas figuras.



María I de Inglaterra.



Sabela I de Inglaterra.





María I Estuardo de Escocia.

Sabela I, quen sucedeu a súa media irmá María I, conseguiría dar estabilidade a Inglaterra e con ela disputar a hexemonía en Europa a España e Francia. Con todo non se libraría do conflito relixioso. María Estuardo, raíña de Escocia, reclamaba o trono de Inglaterra. A resposta de Sabela I sería a aprobación da Acta de Supremacía e Uniformidade en 1559, pola cal retomaba o control da Igrexa de Inglaterra e pola que a raíña escocesa sería excomulgada. María I de Escocia contaría co apoio de Filipe II de España (marido de María Tudor e pretendente fracasado de Sabela I) e o duque de Norfolk. A rebelión foi aplastada polo bando de Sabela I e a armada española derrotada no desastre da Armada Invencible. Porén os intentos de Inglaterra por rematar co poder mariño da monarquía hispánica fracasarían estrepitosamente en Galicia e Portugal, onde foi derrotada a Contra Armada.

Os Países Baixos e a guerra dos 80 Anos

As guerras de relixión nos Países Baixos van ligadas ao mito fundacional dun novo Estado soberano e independente. As diferenzas entre norte e sur eran case insalvables.

- O sur, con capital en Flandres, de economía agrícola e baixo control terratenente.
- O norte, liderado por Holanda e cuxa economía xiraba ao redor do comercio.

A guerra dos 80 Anos, que tivo lugar entre 1568 e 1648, é un exemplo de guerra civil

por motivos relixiosos e socioeconómicos, e de guerra internacional por motivos xeoestratéxicos das potencias europeas.

Guillermo de Orange, príncipe de Holanda e estatúder, sería o líder da poboación rebelde contra o monarca Filipe II de España.

As causas da guerra foron variadas:

- a. **A política castelá de Filipe II**, considerado monarca estranxeiro ao contrario que o seu pai, nado e criado en Flandres.
- b. **O intervencionismo do Imperio** en asuntos políticos a través de nomeamentos nos principais cargos de poder. A política autoritaria e fiscal liderada polo duque de Alba, que ademais ordenou crear o **Tribunal de Tumultos**, tamén influíu. O obxectivo do Tribunal de Tumultos foi xulgar os líderes e persoas autoras das revoltas iconoclastas. Ata a saída do duque de Alba cara a España a fins de 1573, o Tribunal Sanguento, como o denominaron os rebeldes neerlandeses, mandou executar a 1037 persoas e privou dos seus bens a outras 11 130 persoas. Sen a presenza do duque en Flandres, o tribunal deixou de executar sentenzas de morte. Pola súa parte a propaganda rebelde falaba de 50 000 vítimas segundo Guillermo de Orange ou 100 000 segundo indicaba Hugo Grocio na súa crónica de guerra.
- c. **A defensa da contrarreforma católica** batía coa expansión das ideas luteranas e do calvinismo, que se axustaban perfectamente á forma de vida da sociedade comercial neerlandesa.
- d. **A crise de subsistencias e fame**, agravada polas guerras do Báltico entre territorios do norte de Europa.
- e. **A “furia” iconoclasta en 1566**. Esta revolta calvinista contra a Igrexa católica e a súa adoración ás imaxes da virxe e dos santos estendeu os ataques contra todo o territorio.
- f. **A tensión social** entre a poboación civil e os exércitos imperiais repregados nos territorios en conflito, debido á guerra con Francia.



Destrucción de Notre Dame de Amberg (1566), de Frans Hogenberg.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

O rei Filipe II, a instancias de Luís de Requesens, tratou de pór fin ao Tribunal de Tumultos con medidas conciliadoras. O señor de Oca advertía a Jerónimo de Roda, membro do tribunal, que ditas medidas envalentonaron os rebeldes.



A moita soberbia que teñen procede de ter concedido aos ditos herexes aínda moitas máis cousas que podería dicir e cada día van empeorando como reo débeno de facer as demais vilas, polo cal pareceume informar á vosa mercé delo.

Fonte: “[La propuesta de solución del conflicto de Flandes por Luís de Requesens](#)”, páx. 650. AGS, Estado, leg. 561, doc. 181, fol. 1.



En 1579 a división dos Países Baixos fíxose efectiva, a tregua dos 12 anos con Filipe III de España e a Guerra dos 30 Anos con Filipe IV serían definitivas na confirmación da independencia dos Países Baixos ao longo do século XVII.

Actividades

1. Relaciona os seguintes conceptos:

1546 - 1547	Guerras de relixión en Francia e conflito hugonote
1568 - 1648	Guerra dos 30 Anos
1562 - 1598	Guerra de Esmalcalda no Sacro Imperio
1618 - 1648	Guerra dos 9 Anos
1655 - 1660	Guerra dos 80 Anos
1688 - 1697	Guerra do Norte

2. Cales eran os poderes hexemónicos en Europa a comezos do século XVII?

- ☐ Monarquía hispánica
- ☐ Papado
- ☐ Monarquía francesa
- ☐ Monarquía británica
- ☐ Provincias unidas
- ☐ Rusia
- ☐ Imperio alemán

3. Contra que países participou activamente España en conflitos relixiosos?

- ☐ Alemaña
- ☐ Francia
- ☐ Inglaterra

☐ Holanda

4. Sinala, das seguintes, cales foron causas da guerra dos 80 Anos.

☐ A política castelá de Filipe II

☐ A defensa da contrarreforma católica

☐ A crise de subsistencias e fame

☐ A “peste” de 1566

☐ A tensión social entre a poboación civil e os exércitos imperiais

5. Completa o texto co termo indicado en cada caso:

monarquía francesa

tolerancia relixiosa

Nantes

Navarra

Vervíns

España

Francia

Henrique IV de que tivo que renunciar á súa fe protestante e converterse ao catolicismo para ser proclamado rei de . O país galo firmaba a paz de con e o monarca aprobaba o edicto de , que poñía fin á guerra contra os hugonotes, defendía a e recoñecía a como católica.

Absolutismo e parlamentarismo

O absolutismo. Francia, unha nova hexemonía europea?

Dende a Baixa Idade Media e o Renacemento ata o s. XVII as tensións político-relixiosas impulsaron a construción dos estados modernos.

Por un lado, a **política interna** dos estados deu lugar a dous movementos:

- Un de continuidade no reforzamento da autoridade monárquica a través do absolutismo.
- Outro de resposta e limitación da autoridade absoluta a través do parlamentarismo.

A **política exterior**, por outra parte, era a vía de obtención de recursos económicos e de posicionamento xeopolítico, polo que as monarquías europeas patrocinaron políticas de expansión territorial e trasladaron os conflitos a ultramar (máis aló das fronteiras da propia Europa).

Unha das consecuencias máis importantes foi a consolidación en Europa do **absolutismo** defendido por pensadores como Jean Bodin ou Jacques Bossuet.

Bodin, 1530-1596, na súa obra *Os seis libros da República*, falaba do concepto de soberanía como fundamento do Estado. Para Bodin, o poder soberano podía residir no pobo, é dicir nunha maioría popular; na aristocracia, nunha minoría privilexiada; ou na monarquía, sendo este último o modelo máis apropiado.

Distinguía daquela entre tres modelos de monarquía:

- Tiránica, baseada no desprezo ás leis de quen ostenta o poder.
- Señorial, baseada no concepto medieval paternalista do primus inter pares (o primeiro entre iguais, o primeiro da nobreza).
- Real, onde os súbditos e as súbditas están supeditados ás leis da monarquía. Trátase dunha soberanía indivisible na persoa monarca, pois é fonte de dereito.



Sabías que...?

Luís XIV de Francia (1638 - 1715) será o máis relevante exemplo de monarca absoluto. A expresión “o Estado son eu” resumía o significado de monarquía absoluta. Unha frase que dirixiu aos Estados Xerais ante a súa negativa a asumir as demandas do rei. Con ela amosa a súa autoridade baixo a cal concentra todos os poderes do Estado: executivo, lexislativo e xudicial.

O chamado Rei Sol ou Cristianísimo –por oposición ao Rei Católico, Filipe IV de España– levaría Francia a unha etapa de esplendor político e cultural. Puxo de moda a arte e cultura francesa en toda Europa incluído o idioma. Foi promotor da construción dun símbolo da arquitectura universal, o [palacio de Versalles](#). E, a través da creación do [exército máis potente](#) do continente, fixo do seu reino o poder hexemónico en Europa.



Retrato ecuestre de Luís XIV no asedio de Namur, de Pièrre Mignard. 1692-1694.

As bases da monarquía absoluta serían as seguintes:



[1]



[2]



Burocracia

[3]



Exército permanente

[4]



Diplomacia

[5]



[6]



[7]



Monarquía hereditaria

[8]



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

O concepto de monarquía absoluta chega ao seu apoxeo co reinado de Luís XV, como podes comprobar neste parágrafo dun discurso que dirixiu ao Parlamento francés.



É só na miña persoa onde reside o poder soberano, cuxo carácter propio é o espírito de consello, de xustiza e de razón; é a min a quen deben os meus cortesáns a súa existencia e a súa autoridade; a plenitude da súa autoridade que eles non exercen máis que no meu nome reside sempre en min e non pode volveirse nunca contra min; só a min me pertence o poder lexislativo sen dependencia e sen división; é pola miña autoridade que os oficiais da miña Corte proceden non á formación, senón ao rexistro, á publicación e á execución da lei; a orde pública emana de min, e os dereitos e os intereses da nación (...) non descansan máis que nas miñas mans.

Discurso de Luís XV ao Parlamento de París, 3 de marzo de 1766. Fragmento traducido e adaptado de biombohistorico.blogspot



Sabías que...?

Ana de Austria, a raíña de Francia de orixe española, foi moito máis que a protexida dos tres mosqueteiros. Ademais da imaxe da ficción de Alexandre Dumas, Ana de Austria tivo un importantísimo papel no fortalecemento do absolutismo. Foi a raíña nai de Luís XIV. O seu papel foi fundamental nas relacións internacionais entre Francia e España no s. XVII.

A pesar das trabas impostas pola entón raíña nai, María de Medici, e polo cardeal Richelieu, a súa voda con Luís XIII como a do seu irmán, Filipe IV con Isabel de Borbón, trouxo unha relativa paz entre ambos os dous reinos. Ana buscou sempre manter unha política pacífica con España. Morto o seu marido, Luís XIII, substituíu a Richelieu polo cardeal Mazarino como primeiro ministro, e tratou de que o seu fillo, Luís XIV, non entrara en guerra con España. Mais a realidade sería outra: Francia aproveitaría a incapacidade da monarquía española de manter o control sobre todas as súas posesións para se converter na principal potencia europea do momento.

O uso da [illa dos Faisáns](#) como lugar de entrega Primeiro foi María Teresa de Austria, filla de Filipe IV, entregada en 1659 a Luís XIV de Francia no marco da Paz dos Pireneos. Xa no s. XVIII a [tradición](#) continuaba xa cunha nova dinastía no trono de España, curiosamente os Borbón, descendentes de Luís XIV e da súa nai Ana de Austria.

Podes ver o tráiler da película [Cambio de reinas](#) para comprobar como funcionaba este xogo de tronos e alianzas.



Ana de Austria pintada por J.P. Rubens. Norton Simon Museum.

Parlamentarismo inglés, marcando o camiño ás revolucións

A resposta ao poder absoluto chegaría en Europa coa revolución inglesa, entre 1642 e 1688. Hai quen sitúa este feito como punto de partida do ciclo revolucionario iniciado coa independencia dos EEUU, a Revolución Francesa no s. XVIII e as Revolucións Liberais no s. XIX.

O parlamentarismo foi o pensamento político que máis frontalmente se opuxo ao absolutismo. De feito, o sistema parlamentario afonda a súas raíces nos parlamentos

medievais, cortes representativas dos tres estados da sociedade: nobreza, clero e campesiñado. En Francia, os Estados Xerais; en España, as Cortes; en Alemaña, a Dieta Federal; e en Inglaterra, o Parlamento, eran convocados pola monarquía co fin de comunicar a aprobación de novos impostos para poder sufragar os gastos da Coroa, as guerras, etc.

As monarquías absolutas viñeran recortando os poderes dos parlamentos. Porén en Inglaterra unha guerra civil rematou coa execución de [Carlos I](#) dando lugar por primeira e única vez a unha república en Inglaterra. [Oliver Cromwell](#) foi proclamado lord protector e quedou ao mando da nova república. Á súa morte era reinstaurada a monarquía con Carlos II. A chegada ao trono de [Xacobe II](#), irmán de [Carlos II](#), provocou un xiro cara a unha política absolutista e favorable aos intereses católicos. Como consecuencia, desencadeouse a Revolución Gloriosa de 1688, que rematou por instaurar unha monarquía parlamentaria. En 1689, Guillerme III de Orange aceptaba a Declaración de Dereitos e proclamaba a tolerancia relixiosa a través da Lei da tolerancia.



De esquerda a dereita: Carlos I de Inglaterra, por Van Dyck; Oliver Cromwell, lord protector de Inglaterra, por Samuel Cooper; Carlos II de Inglaterra, por Godfrey Neller; Xacobe II de Inglaterra, por Nicolas de Larguillère; e Guillerme III de Orange, por Willem Wissing.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

Foi o Parlamento inglés quen, para recuperar e fortalecer as funcións parlamentarias, impuxo a Guillerme de Orange a Declaración de Dereitos se quería suceder Xacobe II. Dito documento conta co preámbulo da Declaración de Independencia dos EEUU, a Declaración de dereitos do home e a dos dereitos humanos. Supuxo importantes avances en canto á liberdade relixiosa.




- 1.- Que o presunto poder da autoridade real para suspender as leis e a aplicación das mesmas sen o consentimento do Parlamento é ilegal.
- 2.- Que a recadación de diñeiro para a Coroa ou para uso da mesma, baixo pretexto de prerrogativa e sen o consentimento do Parlamento, para un período de tempo máis longo e dunha maneira distinta á autoridade polo Parlamento é ilegal.
- 6.- Que o recrutamento e mantemento dun exército no reino en tempo de paz, sen o consentimento do Parlamento, son contrarios á lei.
- 8.- Que as eleccións dos membros do Parlamento deben ser libres.

Declaración de Dereitos (Bill of Rights), 1869. Traducido e adaptado de dipublico.org



Repasa, a modo de resumo, o acontecido na guerra civil inglesa co seguinte vídeo:



Holanda: a independencia dos *mendigos do mar*

Como apuntamos no apartado anterior, a Guerra dos 80 Anos forma parte do mito fundacional de Holanda. Á historiografía dos Países Baixos aínda hoxe lle custa recoñecer o elemento da guerra civil como causante e fío condutor da guerra, mantendo o argumento do enfrontamento cunha potencia exterior, neste caso, a monarquía hispánica. Por outro lado, foi o lugar onde se desempeñaron os célebres [Terzos de Flandres](#), corpo de elite do exército hispánico entre os séculos XVI e XVII.



Sabías que...?


Co fin de pacificar os Países Baixos, os tercios trazaron dende Milán o que se denominou “camiño español”. Tratouse dun auténtico fito, capaz de crear un corredor militar e loxístico seguro para que os soldados españois puideran circular de forma cómoda de Milán a Flandres. Un famoso fidalgo chamado Alonso Quixano deixaba testemuño da súa experiencia como integrante deste exército profesional:

“Embarqueime en Alicante, cheguei con próspero viaxe a Xénova, fun dende alí a Milán, onde me acomodei de armas e dalgunas galas de soldado, de onde quixen ir asentar a miña praza ao Piamonte; e estando xa de camiño para Alexandría da Palla, tiven novas de que o gran duque de Alba pasaba a Flandres. Mudei propósito, funme con el e servinlle nas xornadas que fixo...”

Miguel de Cervantes, Don Quixote da Mancha, 1605.

Traducido e adaptado de defensa.gob.es

Para saber máis fíxate neste documental, ***A guerra de Flandres e o Camiño Español***:



As accións rebeldes lideradas por Guillherme de Orange e Luís Nassau contaron co apoio da piratería dos *mendigos do mar* así como dos hugonotes franceses, os luteranos alemáns e os anglicanos. Alexandre Farnesio sería nomeado gobernador da rexión en 1579, someteu a algunhas provincias católicas do sur pero non así ás do norte, de maioría protestante. A *Acta de Abxuración* de 1581 daba lugar ás Provincias Unidas. A pesar de non ser recoñecidas por España ata o final da Guerra dos 30 Anos e a Paz de Westfalia (1648), a república das Provincias Unidas, ou Holanda, viviu o seu século de ouro, un período de fortalecemento político e florecemento tanto comercial e económico como cultural e artístico.

Actividades

1. Relaciona cada enunciado co correspondente concepto de clases de monarquía según Bodín.

- a. Monarquía baseada no desprezo ás leis de quen ostenta o poder. ►

- b. Monarquía baseada no concepto medieval paternalista do primus inter pares (o primeiro entre iguais, o primeiro da nobreza). ►

- c. Monarquía onde a poboación está supeditada ás leis do ou da monarca. Trátase dunha soberanía indivisible na súa persoa pois é fonte de dereito. ►

2. Completa este texto sobre o parlamentarismo inglés coas palabras ou conceptos que necesites.

A chegada ao trono de _____ provocou un xiro cara a unha política _____ e favorable aos intereses _____. Como consecuencia, desencadeouse a Revolución Gloriosa en _____, que rematou coa instauración da monarquía _____ de _____ de Orange, quen en _____ aceptou a Declaración de Dereitos e proclamou a _____ relixiosa a través da Lei da tolerancia.

3. Explica, coas túas palabras, o significado da frase atribuída a Luís XIV, o “Estado son eu”.



4. Le os seguintes fragmentos de texto e responde ás preguntas:

Ideas de J. B. Bossuet


“Os príncipes (monarcas) actúan como ministros de deus, e como os seus lugartenientes na terra. É a través deles que Deus exerce o seu poder... Polo tanto, a persoa dos reis é sagrada e atacalos constitúe sacrilexio”.

“Deus estableceu os reis como os seus ministros e reina por medio deles sobre os pobos (...) Todo poder ven de Deus (...) Os príncipes actúan como ministros de Deus e como os seus lugartenientes na terra (...) A persoa do rei é sagrada (...) A autoridade do rei é absoluta porque non existe ningún poder capaz de coaccionar o soberano, que é independente de toda autoridade humana. Unicamente pertence ao príncipe o mandato lexítimo, por tanto só a el pertence a forza coercitiva...”.

A política segundo as Sagradas Escrituras. Libro III (1709).
Traducido e adaptado de profesorjferri.blogspot

- a. Que modelo de Estado propoñen estes textos?
- b. Quen exerce o poder?

- c. En que consiste o poder da monarquía?
- d. De onde procede ese poder?
- e. Por que defenden ese modelo de goberno como o mellor de todos?
- f. Que rei europeo podería representar mellor as palabras de Bossuet?




- 5.** John Locke é probablemente o pensador recoñecido como un dos pais do parlamentarismo. No seus tratados sobre o goberno civil expuxo os principios básicos na defensa do sistema parlamentario. Le o texto e responde ás preguntas:

Ideas de J. B. Bossuet

Resulta pois evidente que a monarquía absoluta, á que certas persoas consideran como o único goberno do mundo, é, en realidade, incompatible coa sociedade civil. (...). Ao partir do suposto de que ese príncipe absoluto reúne en si mesmo o poder lexislativo e o poder executivo sen a participación de ninguén, non existe xuíz nin xeito de apelar a ninguén capaz de decidir con xustiza e imparcialidade. (...) o súbdito ou mais ben, escravo do príncipe absoluto (...) cando vese atropelado na súa propiedade por a vontade e por a orde dun monarca non só no ten a quen recorrer (...) senón que (...) négaselle a liberdade de xulgar do seu caso ou de defender o seu dereito. De aí que se vexa exposto a todas as miserias e a todos os males que se poden esperar de quen se ve corrompido por a adulación e investido dun inmenso poder. Sendo, os homes libres, iguais e independentes por natureza, ningún deles pode ser arrancado desta situación e sometido ao poder político doutros sen que medie o seu propio consentimento. Este outórgase mediante convenio (contrato/pacto) con outros homes de xuntarse e integrarse nunha comunidade destinada a permitirlles unha vida cómoda, segura e pacífica duns e doutros. O que inicia e constitúe unha sociedade política calquera, non é outra cousa que o consentimento dun número calquera de homes libres capaces de formar unha maioría para unirse e integrarse dentro de semellante sociedade. E iso, e só iso, é o que deu ou pode dar principio a un goberno lexítimo.

J. Locke. *Dous tratados sobre o Goberno Civil*. 1690. Traducido e adaptado de claseshistoria.com

- Cales son os dous temas principais do texto?
- Está de acordo Locke co modelo de goberno absolutista? Razoa a resposta segundo os argumentos do texto.
- Que modelo de goberno propón?
- Cales pensas que son as diferenzas principais entre o modelo absolutista defendido por Bossuet, Dubois e Hobbes e o que propón Locke?



↑[1]

Sometemento de todos os poderes á autoridade real

O rei (ou raíña) é a autoridade máxima, lexitimada por dereito divino, xefe dos exércitos e cabeza da xustiza. O seu cargo é fonte de dereito, está sometido só ás leis naturais e só rinde contas ante Deus.

↑[2]

Centralismo e unificación do territorio

Consolidación dos Estados Modernos a través de políticas centralistas e do establecemento de fronteiras e aduanas.

↑[3]

Burocracia

Mellora da burocracia a través da organización administrativa e a creación dun corpo de funcionarios e reforzamento das fronteiras e aduanas.

↑[4]

Exército permanente

Constitución dun exército permanente formado por tropas profesionais e mercenarios a soldo.

↑[5]

Diplomacia

Organización das relacións internacionais a través da diplomacia.

↑[6] Valido

A figura do valido ou privado, persoa de plena confianza do rei que actúa como xefe de goberno ou ministro. Cargo ocupado por xentes de orixe relixiosa como os cardeais Richelieu ou Mazarino en Francia ou da alta nobreza como o Duque de Lerma ou o Conde Duque de Olivares en España.

↑[7] Privilexios

Sometemento dos privilexiados, en ocasións exercen de autoridade da Igrexa e destinou á nobreza os principais cargos da administración como do exército.

↑ [8]

Monarquía hereditaria

Monarquía hereditaria que se transmite preferentemente de varón a varón.

A guerra dos 30 Anos

Causas

Como en boa parte dos grandes conflitos da Historia, a motivación da guerra dos 30 Anos foi multicausal. É dicir, a guerra foi consecuencia do choque de intereses políticos, económicos e relixiosos arredor dos territorios do *Sacro Imperio Romano Xermánico* situado no centro de Europa.



Relixiosas

A Contrarreforma católica animou os seus defensores ao emprego da forza militar para rematar coa herexía protestante. O emperador alemán Fernando II, baixo influencia dos xesuítas, buscou impoñer o catolicismo a costa do incumprimento dos acordos da Paz de Augsburgo firmada en 1555 entre o emperador Carlos V e os príncipes alemáns. Deste modo quebraba o principio de tolerancia relixiosa baseado no *cuius regio, eius religio*, é dicir, cada territorio profesaría a relixión elixida polo seu príncipe gobernante. En 1648, a Paz de Westfalia recoñecería nos seus acordos a causalidade relixiosa no conflito europeo da guerra dos 30 Anos.

Políticas

Serían estas realmente a verdadeira causa da guerra. A fe non era máis que un pretexto para lexitimar a participación na contenda militar:

- Por un lado, a resistencia dos príncipes alemáns dos diferentes territorios do Imperio que se resistían ao absolutismo e ao fortalecemento do poder do emperador.
- Por outro lado, a guerra tería un alcance internacional, pois estaba tamén en xogo a supremacía da hexemonía europea daquela en mans da monarquía hispánica e da casa de Austria, que acabaría en mans dos Borbón e de Francia.

Económicas

A nivel local, Bohemia era unha das rexións máis ricas do imperio grazas ao seu forte tecido agrícola, industrial e mercantil, ao que se engadían minas de ouro e de prata. Por esta razón o seu control era fundamental para as arcas imperiais. A nivel internacional os intereses económicos xiraban arredor do aumento da navegación transatlántica e o seu impacto na navegación do norte de Europa, como por exemplo no Báltico.

Sabías que...?



Unha ventá e un carro de estrume deron lugar á guerra dos 30 Anos. O 23 de maio de 1618, as tensións entre católicos e protestantes remataron cos emisarios católicos do emperador Fernando II defenestrados por protestantes dende unha ventá do castelo de Praga. O milagre fixo acto de presenza a través dun carro de estrume que amortiguou a caída dos defenestrados, que conseguiron fuxir e poñer en oídos do emperador todo o que sucedera. Xa había pretexto para a guerra.

Créditos: National Gallery of Victoria, Melbourne



A defenestración, de Václav Brožík, 1618.

Con todo, en Praga xa tiñan experiencia niso de facer voar a xente pola ventá... Escoita este [podcast](#) de Nieves Concostrina, Praga e a súas defenestracións.

Logo da defenestración de Praga Fernando II, co apoio da Liga Católica e da monarquía hispánica de Filipe III, enviaba tropas a sofocar a revolta. Os exércitos imperiais venceron na batalla da Montaña Branca, entraron en Bohemia e derrocaban o rei Federico V, príncipe elector do Palatinado, líder dos protestantes e rei de Bohemia entre 1619 e 1620 (motivo polo que foi alcumado “rei dun inverno”).

A partir dese mesmo momento, a guerra cedía o seu carácter local, como un conflito interno

Evolución do conflito

A derrota na batalla da Montaña Branca, a toma de Bohemia e do Palatinado e a derrota do rei Federico V fronte aos exércitos imperiais levou os protestantes alemáns a pedir axuda aos reinos luteranos de Dinamarca primeiro e, despois, a Suecia. Ademais, outros territorios como os reinos de Inglaterra, Escocia e Irlanda, xunto coas Provincias Unidas (Holanda) e Francia puxéronse, por diferentes intereses, do lado protestante contra o imperio xermánico e España, o seu principal aliado.



1620

1620. A batalla da Montaña Branca, próxima a Praga, supuxo unha vitoria imperial fronte aos rebeldes de Bohemia.



1626

1626. Na batalla de Lutter as tropas danesas de Cristián IV foron derrotados polas forzas de Fernando II.



1631

1631. A batalha de Breitenfeld supuxo a vitória do bando protestante na que os suecos derrotaron os exércitos imperiais.



1632

1632. A batalla de Lützen foi unha nova vitoria imperial onde perdeu a vida o rei Gustavo Adolfo II de Suecia.



1634. A batalha de Nördlingen supuxo a vitória definitiva das tropas imperiais sobre os exércitos suecos e provocou a entrada activa de Francia na guerra em favor dos protestantes.

Créditos: [Augusto Ferrer-Dalmau](#)



1643

1643. A batalla de Rocroi foi unha vitoria francesa contra os exércitos españois. Supuxo o punto e final nos éxitos dos Terzos españois e o inicio da hexemonía militar francesa en Europa.



1645

1645. Na segunda batalla de Nördlingen o exército francés venceu as tropas imperiais.

A superioridade final do exército francés levou o emperador Fernando III a solicitar a paz, firmada en Westfalia en 1648, mentres a guerra con España perduraría uns anos máis ata a Paz dos Pireneos, en 1659.



Sabías que...?

Sóache o dito “De valentes está o cemiterio cheo”? Gustavo II Adolfo de Suecia foi un deses exemplos. Considerado un dos mellores monarcas do país nórdico grazas ás súas reformas políticas, económicas e sociais, atoparía a morte en combate nun deses episodios “épicas” que contén a Historia e que tanto gustan no cine ou na literatura. Na batalla de Lützen, en 1632, a súa actitude temeraria fixo que os soldados do exército imperial o ferisen, descabalgasen e coseran a puñaladas para logo desprovelo de roupa, xoias e a casaca militar.

O curioso é o que o gran vencedor nesa batalla, Albrecht von Wallenstein, tería unha morte menos heroica que o rei sueco pero non menos literaria, pois o emperador Fernando II, desconfiado polo poder do seu mariscal de campo, deu orde de asasinalo acusado de traidor.

Créditos: National Gallery of Victoria, Melbourne



Á esquerda, retrato de Gustavo II Adolfo de Suecia, atribuído a Jacob Hoefnagel. Á dereita, Seni xunto ao cadáver de Wallenstein, por Carl Theodor von Piloty.

Consecuencias da guerra dos 30 Anos

Os tratados de paz de Westfalia, de Münster e Osnabrück, en 1648, porían fin á guerra dos 30 Anos nos territorios alemáns, así como á guerra dos 80 Anos entre os Países

Baixos e España. O máis importante destes tratados sería que sentarían as bases das relacións internacionais futuras fundamentadas no uso da diplomacia para a resolución de conflitos e o multilateralismo; e poñían fin, aparentemente, ás guerras de relixión en favor da tolerancia de credo en Europa.



Ratificación do Tratado de Münster, por Gerard ter Borch.1648. Paz de Wesfalia.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

O historiador español Jaime Vicens Vivens chegou a falar do concepto “o espírito de Westfalia” que se deixaría ver despois da guerra. A Paz do Norte en 1658 facía de Suecia a principal potencia do Norte de Europa entre os países bañados polo mar Báltico. En 1659 a Paz dos Pireneos poñía fin á guerra entre Francia e España. A monarquía hispánica cedía o seu papel de potencia hexemónica de Europa en favor da Francia de Luís XIV.



Por canto a unha longa e sanguenta guerra fixo padecer de moitos anos a esta parte grandes traballos e opresión aos pobos, reinos, países e Estados que están suxeitas á obediencia de (...) Luís XIV, rei cristianísimo de Francia, e Felipe IV, rei católico das Españas, para terminar as súas diferenzas establecen:

Art. 33. Para que esta paz e unión sexa máis firme, duradeira e indiscutible acordan o matrimonio do rei cristianísimo coa serenísima infanta dona María Tareixa, filla primoxénita do rei católico.

Art. 42. Os Montes Pireneos, que dividían antigamente as Galias das Hispanias, serán tamén en adiante a división destes dous reinos; polo tanto, o rei cristianísimo quedará en posesión do condado e veguería do Rosellón e de Conflans; quedarán para o rei católico parte do condado da Cerdaña e todo o principado de Cataluña.

Tratado dos Pireneos (7/11/1659)



O final da guerra dos 30 Anos suporía tamén un cambio no mapa de Europa, O Sacro Imperio Romano Xermánico perdería a súa influencia en Europa ata a súa disolución

en 1806 por Napoleón. Alemaña tería que esperar ao s. XIX ca industrialización e a Unificación para poder aspirar a recuperar o seu peso no continente. Os Países Baixos e Portugal tamén conseguirían a independencia aproveitando a crise da monarquía hispánica, mentres Francia ampliaba as súas fronteiras a costa de territorios do Imperio e das posesión españolas en Europa.



O impacto económico e demográfico da guerra sobre os territorios do centro de Europa deixouse ver na perda duns 8 millóns de habitantes provocada polos seus efectos, a fame e a peste. Os campos quedaron arrasados e miles de cidades e vilas destruídas. O comercio paralizado, a poderosa Liga Hanseática perdeu o dominio mercantil do Báltico en favor de británicos e holandeses.



Sabías que...?

Os efectos psicolóxicos provocados pola barbarie e a devastación durante a guerra deixarían a súa pegada no ideario colectivo da sociedade xermana ata os nosos días. En 1631 a cidade de Magdeburgo, localizada na rexión de Saxonia, foi sitiada. A negativa da cidade a aceptar as condicións do exército imperial deron paso ao saqueo da cidade e a abusos, violacións e execucións da poboación declarada proscrita (*vogelfrei*). Leváronse a cabo arredor de 20 000 execucións civís, dando lugar ao termo *magdeburguizar* para referirse á aniquilación ou destrución total.



Saqueo de Magdeburgo, por Eduard Steinbrück. 1866.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

Entre 1637 e 1638 o pintor Peter Paul Rubens, da escola flamenca xunto outros artistas como Rembrandt ou Vermeer; remataba a súa obra *Os horrores da guerra*, un óleo sobre lienzo de estilo barroco e de gran formato destinado á galería do Palazzo Pitti por encargo de Fernando II de Medici. Rubens facía unha denuncia das desastrosas consecuencias da guerra en Europa. Nunha carta enviada ao seu colega, o pintor Justus Sustermans explicaba con detalle o significado da composición pictórica.



A figura principal é Marte (...) que avanza co escudo e a espada ensanguentada, ameazando os pobos cunha gran ruina (...). Marte atópase arrastrado pola furia de Alecto que leva unha antorcha na man e vai acompañado por dous monstros, a peste e a fame, consecuencias inevitables da guerra (...). E o mesmo sucede co caduceo e a rama de oliveira, símbolos da paz, que xacen polo chan xunto a unha lúgubre muller vestida de negro e despoxada de todas as súas xoias e adornos; é a infeliz Europa, que durante tanto tempo vén sendo vítima daquelas rapiñas, ultraxes e miserias tan evidentes que non precisan máis explicación.

Traducido e adaptado de [Universitat de València](#)



Actividades

Sinala a resposta correcta para completar a seguinte afirmación: A guerra

1. dos 30 Anos foi sobre todo motivada por causas...

- ☐ ... políticas.
- ☐ ... económicas.
- ☐ ... relixiosas.
- ☐ Tivo unha motivación multicausal.

2. Relaciona cada batalla cos sucesos acontecidos:

Batalla da Montaña Branca	Os suecos derrotaron os exércitos imperiais.
Batalla de Lutter	As tropas danesas de Cristián IV foron derrotados polas forzas de Fernando II.
Batalla de Breitenfeld	Vitoria francesa contra os exércitos españois.
Batalla de Lützen	Vitoria imperial onde perdeu a vida o rei Gustavo Adolfo II de Suecia.
Batalla de Nördlingen	Vitoria francesa sobre as tropas imperiais.
Batalla de Rocroi	Vitoria imperial fronte aos rebeldes de Bohemia.
Segunda batalla de Nördlingen	Derrota sueca que provocou a entrada activa de Francia na guerra en favor dos protestantes.

3. Completa as afirmacións arrastrando cada tratado de paz ao feito histórico correspondente:

Pireneos Westfalia Norte

- a. A paz de , en 1648, pon fin á guerra no Imperio.
- b. A paz do , en 1658, converte a Suecia nunha potencia do norte de Europa.
- c. A sinatura dos , en 1659, significou a paz entre Francia e España.

4. Sinala cales dos seguintes países ou territorios saíron máis beneficiados das guerras de relixión e dos conflitos europeos do s. XVII.

☐ Francia

☐ Países Baixos

☐ España

☐ Portugal

☐ Alemaña

☐ Reino Unido

5. Le o texto e escribe unha redacción a partir das instrucións dadas. É moi importante que os contidos descritos atendan aos puntos referidos.

Fragmento Tratado dos Pireneos

“Por canto a unha longa e sanguenta guerra fixo padecer de moitos anos a esta parte grandes traballos e opresións aos pobos, reinos, países e Estados que están suxeitas á obediencia de (...) Luís XIV, rei cristianísimo de Francia e Felipe IV rei católico das Españas para terminar as súas diferenzas establecen:

Art. 33. Para que esta paz e unión sexa mais firme, duradeira e indiscutible acordan o matrimonio do rei cristianísimo coa serenísima infanta dona María Tareixa, filla primoxénita do rei católico.

Art. 41. As prazas de Arras, Hesdin, Bapauma, Béthune e as cidades de Lillers, Lens, Peronne, Pars xuntamente coas prazas de Gravelines, Bourg e San Savant en Flandes; as prazas de Landrecies e o Quesnoy en Henao, así como tamén Avesnes, Mariembourg e Philipeville, Thionville, montmèdy, Damvillers, Ivoy, Chavanci e Marville en Luxemburgo (...) quedarán por o presente tratado de paz para o dito señor rei cristianísimo...

Art. 42. Os Montes Pirineos, que dividían antigamente as Galias das Hispanias, serán tamén en adiante a división destes dous reinos; por o tanto, o rei cristianísimo quedará en posesión do condado e veguería do Rosoellón e de Conflans; quedarán para o rei católico parte do Condado da Cerdaña e todo o principado de Cataluña.”

- Describe** brevemente o contexto histórico no que se enmarca.
- Explica cal é a **causa** principal deste Tratado.
- Indica quen son os **gobernantes** que asinan este tratado e a que **Estado** representa cada un deles.
- Sinala que finalidade ten o matrimonio de Luís XIV con María Tareixa de Austria.
- Indaga** na rede arredor do parentesco familiar existente entre os participantes en dito matrimonio, Luís e María Tareixa. Comenta a túa opinión ao respecto.
- Explica** brevemente cales son os **principais acordos** que suscriben os firmantes.

- g. **Escribe** cales serían as consecuencias finais deste tratado dos Pireneos de 1659.

Cultura e ciencia fronte à intolerancia relixiosa

Podemos falar de revolución científica no s. XVII?

Na actualidade historiadores e historiadoras da ciencia discuten sobre se podemos falar de **revolución científica** na Idade Moderna. Trátase dun proceso prolongado no tempo que durou cando menos dous séculos, XVI e XVII, e que tería continuidade no s. XVIII. Ademais afectou a máis ámbitos que ao puramente científico, pois abrangueu a case que todos os aspectos da cultura, do saber e da realidade social.

Do que non hai dúbida é de que as transformacións que se deron modificaron a visión do mundo e estableceron as bases da ciencia moderna a través da comprensión matemática da realidade e da aceptación do método científico como forma de acceder ao coñecemento mediante a observación, a análise e a experimentación.

Na Europa do s. XVII déronse as bases para que isto sucedese:

- O Renacemento, o humanismo e o emprego da razón para acceder ao coñecemento.
- O desenvolvemento do pensamento neoplatónico fronte ao aristotélico.
- A difusión da imprenta en Europa ampliou extraordinariamente as fronteiras da información e a comunicación.
- A ampliación do mundo coñecido e o comercio internacional, cada vez máis

global. A demanda de novos barcos e instrumentos de navegación que se viron tamén favorecidos polo desenvolvemento da cartografía.

- O desenvolvemento urbano que demandaba melloras no abastecemento das cidades.
- O interese e avance no estudo dos procesos técnicos en todos os campos do saber orientados a perfeccionar as diferentes actividades produtivas, a través de melloras mecánicas e a fabricación de novos utensilios ou o emprego de diferentes fontes de enerxía, como a eólica e a hidráulica.
- A guerra, sempre demandante de armas e equipamento máis eficiente e mortífero para ter superioridade no campo de batalla.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

O científico inglés Robert Hooke escribía en 1663 os obxectivos da Royal Society. Neles non só comprendemos a importancia da “revolución científica” senón que se atisba o seu futuro na época contemporánea a través da Revolución industrial.



O propósito e fin da Sociedade Real é fomentar o coñecemento das cousas naturais e todas as artes, manufacturadas, prácticas, mecánicas, máquinas e inventos útiles por medio dos experimentos, sen inmiscuírse en cuestións teolóxicas, metafísicas, morais, políticas, gramaticais, retóricas ou lóxicas (...) atopando unha explicación racional das causas das cousas.

Traducido e adaptado de “Algúns rasgos da revolución científica no século XVII”. Boletín do Instituto de Estudios Giennenses, nº 198, páxs. 565-599. 2008. Francisco Luis Redondo Álvaro



Fonte: *El dominio mundial*, Pedro Baños

O método científico

Isaac Newton creou o seu método inspirado no racionalismo de René Descartes e no empirismo de Francis Bacon.


- Descartes indicaba que a dúbida metódica era o camiño para chegar ao coñecemento, ao cal accedemos mediante o emprego da razón. De aí a súa famosa frase “Penso, logo existo”.
- Bacon defendía a necesidade de chegar ao coñecemento da natureza a través da experimentación, de feito que corroborase aquilo que pensabamos.

Da conxunción do pensamento racionalista e empirista xurdiu o método hipotético dedutivo baseado nos seguintes 5 pasos:



1. Observación do fenómeno.
2. Hipóteses que permitan explicar dito feito ou fenómeno.
3. Análise dos posibles resultados.
4. Experimentación que permita confirmar como certeza ou refutar as hipóteses previas.
5. Formulación de leis unha vez as hipóteses sexan comprobadas empiricamente.

Inventos e avances no coñecemento científico

O século XVII deu continuidade aos descubrimentos que se viñeran dando no Renacemento: por un lado avances técnicos que permitirán desenvolvemento a través da experimentación; polo outro, o novo pensamento científico e a aplicación do seu método deu como consecuencia unha impresionante aportación a todos os ámbitos de saber. As mulleres, a pesar das dificultades para participar e mais aínda visibilizar o seu traballo en calquera faceta profesional, tamén levaron a cabo notables aportacións á ciencia do século XVII.



Kepler describiu as órbitas elípticas mediante as cales os planetas xiran arredor do Sol.
Galileo Galilei demostrou a certeza da teoría heliocéntrica.



Isaac Newton Lei da Gravitación Universal recollida nos Principios matemáticos da filosofía natural de Isaac Newton.

O médico inglés William Harvey descubriu a circulación sanguínea.




Tanto Louise Bourgois, parteira real da raíña María de Medici en Francia, como a parteira británica Jane Sharp, recolleron todo o seu saber e experiencia científica na obstetricia e xinecoloxía.

John Napier foi o primeiro en definir os logaritmos.



Blaise Pascal explicou a presión atmosférica.
Robert Boyle sinalou a dilatación dos gases e o aire como elemento imprescindible para a respiración e a combustión.



John Ray e Joseph Pitton de Tournefort clasificaron os seres vivos e desenvolveron estudos de botánica.
Sophia Brahe destacou en astronomía e en horticultura.



Otto von Guericke estudou a presión atmosférica e o baleiro.

Anton van Leeuwenhoek estudou protozoos, bacterias, espermatozoides e glóbulos vermellos.



María Sibylla Merian foi unha sobresaínte científica, precursora da entomoloxía (estudo dos insectos) e ilustradora científica.

Descartes desenvolveu a Xeometría.

Podes ver a continuación algunhas das aportacións femininas máis relevantes da época.



Ilustracións da obra *Metamorfoses dos insectos de Surinam*, de Maria Sibylla Merian, e representación dunha muller lista para parir, de Jane Sharp.




Ilustracións da obra *Metamorfoses dos insectos de Surinam*, de Maria Sibylla Merian, e representación dunha muller lista para parir, de Jane Sharp.

A xeografía e, sobre todo, a cartografía tamén tiveron importantes avances, como o mapamundi das táboas rudolfinas de Kepler ou o grabado cos dous hemisferios *Orbis*



Consulta algúns dos inventos máis importantes do século XVII nas seguintes imaxes:



O microscopio ten orixe controvertida pois atribúeselle a diferentes científicos, como Jansen ou Galileo. Neste caso a imaxe é do microscopio de R. Hooke.



Réplica dun telescopio construído por Isaac Newton.



Telescopio refractor de Galileo.




Diagrama de telescopio de Kepler.



Fig. 275. — Baromètre à cuvette.




Fig. 276. — baromètre à cuvette et sa pointe.

Galenus libere optima facta e. 4. 22. prehendit libros medicos, qui diebus, ac si magis esse cunctis. E. quia threnemata, & perceptoris obiecta. De prima dubitatur: Autem non videtur se iactare, dum dicit, quod non comprehenditur in hoc libro esse incomprehensibilia, quod est contra, communis perceptoris, quod laus in ore proprio solet, & contra Seneca perceptoris, dum dicit, tanta parce, & vituperia parcius. Respondetur, Autem laudantem hoc opus laudat Galenum, cuius non semel fecit se esse interpretem.

Q. V. AEST. VI.

Q. V. AEST. VI. RATIONE ARS MEDICAE

fit consideratio.

Ratione quatuor est generalis ratione quantitas morborum, remedium, virtus, ratione idiosyncrasie, & cognationis naturae, & ratione conditionum individuantium. Ratione quantitas est consideratio quia Galenus primo ad Glauconem in principio, de 3. met. 4. dicit, quod nec se videtur dici potest de videretur, sed esse quantum.

Ratione quantitas morborum: Galenus enim 9. Meth. 5. dicit, ut verum excludant remedia, non solum oportet cognoscere morbum, sed etiam eius quantitas, quod ex Gal. 9. Meth. 1. 4. est certa ad fore quantitas morbi, & naturae, quod quantitas solum considerari habet per se. Non dicit cogitamus, quomodo illud quod morbum aliquid ex parte aliquando cognoscitur potest. Ex cogitamus quatuor instrumenta.

Primum est nostrum pulsilogium, quo per circuitum machinaticum, & de quo per conicutionem dimetiri possumus vltimae gradus recessus pulsis quo ad frequentiam, de rationem: de quo instrumentum aliquid dicitur lib. 5. Meth. 1. 4. A dicto pulsilogio de sumptum hoc parum facile, quod est plicat per primam figuram (et infra) quod continet funiculum ex lino, vel serico connectum, cui (et videtur) appensa est pila plumbea, qua impellitur, & funiculus est longior, motus pile fit tardior, & rarior: Si brevior, fit frequentior, & velocior. Dum igitur volumus frequentiam, vel rariorem pulsis dimetiri digitis impellimus pili laxando, vel contrahendo funiculum vltimo, quo motus pile tamquam contrahitur cum frequentia, vel tardior pulsis ipsam arteriam: quod ad invicem illud a regione observamus gradu 70. ostensum a linea alba ipsius pile vbi est C quo gradu memore condignato, inter eadem, vel sequenti die eodem instrumento experiemur, an pulsus arterie factus sit aliquantulum frequentior, vel tardior: diemus aliquantulum quia via istius instrumenti non querimus pulsis notabiles caritas, vel tarditatis differentias, quod vltima memoria tenere possunt: Sed vltis minimas, quarum differentia inter vnum, & alterum diem non sunt fabulis. Ita, eundem vltim est aliud simile instrumentum, cuius locum videtur fol. 78. figura 2. Acnotandū,

A quod pila plumbea per motum, vel motum vni impulsu non motu tantum, sed frequentia: quia in impellendo quantum amittitur de spacio, tantum remittitur de spacio. Per eadem instrumentum tempore sanctoris pulsis dimetitur: deinde tempore agrius pulsis autem ad certum recessum a naturali statu, qui in affectu benedignos recessus, per dicens, & curandis est vltima necessitas. Ad hoc cognoscimus differentiam inter pulsum humilem, & equalidum: in qua re sapienter medici decipiunt, dum confundunt pulsum humilem cum equalido: differentia est, quia equalis in febribus ob remittit frequentiam humilis vero remittit, quod remittit, si est aqua fit, & modicus sine instrumentum non percipitur. de in praedictis temperat huiusmodi. Sed de alijs vltis, folio loco.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Fig. 27.

Figura Secunda.






Figura est vas vitreum quo facillime possumus sagaciter horis dimetiri temperantiam.

Barómetro de Torricelli e termómetro do doutor Santorio Santorio.



Calculadora de Leibniz.



Máquina de cálculo aritmético de Blaise Pascal.



Os hemisferios de Magdeburgo cos que Guericke amosou o poder da presión atmosférica.

A difusión da ciencia

Múltiples elementos e factores foron centrais á hora de dar a coñecer e divulgar os descubrimentos científicos. Podemos destacar:

- A da publicación de obras científicas multiplicouse a través do uso da imprenta.
- A [arte](#), sobre todo a pintura, pero tamén a escultura e a arquitectura, plasmaron a nova percepción para comprender o mundo.
- Francis Bacon falou da necesidade de mellorar a linguaxe científica, facela máis clara e precisa. Na súa obra *A nova Atlántida* (1626) imaxinaba unha terra onde persoas da filosofía, ciencia e a técnica cooperaban na creación e difusión de coñecemento a través da investigación e a experimentación.
- A aparición de academias como a Royal Society en Inglaterra en 1662, a academia francesa en 1637 e a das Ciencias en 1666, e a Academia de Ciencias de Berlín en 1700, foron patrocinadas por gobernos e monarquías como

contrapeso ao poder da Igrexa no control das universidades, que se resistían aos cambios propugnados pola filosofía e a ciencia.



Sabías que...?

En España a contrarreforma e o control da Igrexa católica nas universidades e a Inquisición exerceron de freo constante aos avances no saber científico. O século XVII supuxo un enorme retroceso, especialmente respecto ao que estaba a suceder noutros territorios de Europa. A finais de século unha nova onda en favor do desenvolvemento científico viría coa chegada dos *Novatores*, chamados así de forma peiorativa polo seu desexo de innovar. O médico valencián Juan de Cabriada alarmaba da situación do retraso español:

“É lastimosa e aínda máis vergoñenta cousa que (...) sexamos os últimos en percibir as noticias e luces públicas que xa están esparcidas por toda Europa”.


Traducido e adaptado de *Os novatores como precursores da filosofía natural española dezaoitesca* (2019), José Álvarez Cornnet.

Neste contexto nacería unha das mentes máis avantaxadas da cultura española e galega, ponte entre o Barroco e a Ilustración. Frai Benito Feijoo, autor entre outras obras do *Teatro Crítico Universal* sería o punto de inflexión da renovación do pensamento filosófico e científico que logo viría no s. XVIII.

“1. Ten a ciencia os seus hipócritas non menos que a virtude; e non menos é enganado o vulgo por aqueles, que por estes. Son moitos os indoctos que pasan praza de sabios”.

Traducido e adaptado de “Sabiduría Aparente”. *Teatro Crítico Universal*. Benito Jerónimo Feijoo. Tomo II, Discurso 8º. 1728

A sociedade do Barroco segue a ser unha sociedade estamental, dividida en privilexiados e non privilexiados.



A monarquía estaba á cabeza seguida da nobreza, que se distribúe entre cortesá, próxima a vida do monarca; de sangue, pertencente ás grandes linaxes nobres; e de toga, normalmente ennobrecidos polo seu servizo ao rei. Finalmente a baixa nobreza ou fidalguía que, como en Galicia, ocupaba o poder no rural e aspiraba a cargos no poder local.

Representado polo clero, con maior peso sobre todo nos territorios católicos, co Papa como máxima autoridade da Igrexa.

Composto polas persoas non privilexiadas: campesiñado no rural e grupos urbanos, coa burguesía (comerciantes, prestamistas, etc.) como nova elite social, artesáns, pequenos comerciantes, profesionais liberais e demais xentes de condición humilde.

As grandes diferenzas entre uns sectores e outros levaron a certa poboación a desenvolver unha vida pícara e pedichona nos espazos urbanos ou dedicarse ao bandoleirismo no rural.



Sabías que...?

O [Oie Gayego](#) de Verto é un tema musical actual que apunta aos tópicos sobre a cultura galega. Estes tópicos xa existían no s. XVII. Miguel Anxo Murado fálanos da “galegofobia” na súa obra [Outra Idea de Galicia](#).

Velaquí algúns dos prexuízos cos que o imaxinario cultural do Século de Ouro español describía Galicia e os seus habitantes recollidos na obra de Murado. Comezamos con Amaro Rodríguez:

Reino infeliz, desventurado/ de España esterqueira.

G. Lucas Hidalgo para quen “Galicia era todo cortellos e suciedade (...) que demo loubades da terra de Galicia -di- que xuro a deus que toda ela é terra de merda?”.

Sobre Galicia escribiu Quevedo, todo un cabaleiro da Orde de Santiago: “en España a teñen en desprezo pro ruda, pobre, bárbara e remota, pouco favorecida da Natureza, fea, montesía e áspera”.

Góngora, representante do culteranismo poético recitaba:

*O, montaña de Galicia,
Cuxa, por dicir verdade,
Fermosura é suciedade,*

Un punto e aparte merece o tratamento da muller galega. Félix Lope de Vega escribiu: “Ai, galega, repoluda como un nabo, entre porca e muller, que baixa ao río...”. Pero é que xa antes Jaime Orts escribiu en 1594:

*Mociña, que na pousada
Ninguén a gustarte chega
Que non te atope salgada.
Ben vale que sexas galega
como sardiña arencada...
E tan gran gala
No mal, que non se iguala
Ningunha nas túas malas trampas*

Mais non só foi a literatura quen gardou esa imaxe na memoria. O pintor Bartolomé Esteban Murillo pintou en 1675 *Mulleres na ventá*. Adiviñas cal é o papel desas mulleres tan descaradas? A obra, que retrata dúas prostitutas, é coñecida como *Las Gallegas*.

Cultura e mentalidades

O termo Barroco pasou de referirse a un estilo artístico concreto para falar dunha cultura europea e das súas colonias en América.

Probablemente as palabras que mellor definan a cultura barroca sexan contraste, dinamismo e tensión. Todas elas se manifestaban nos distintos ámbitos da vida.

- Na política, a través da resistencia dos poderes medievais ao absolutismo.
- Na relixión, coa loita entre reforma protestante e contrarreforma católica.
- Na sociedade, mediante a aspiración a participar na toma de decisións dos grupos máis acomodados do terceiro estado: a burguesía formada por comerciantes e xentes de negocios. Fronte a eles, o clero e a nobreza insisten en manter o seu poder e facer uso dos seus privilexios.

A cultura e as artes convertéronse no principal medio de propaganda dos poderes establecidos. Deste modo, actividades culturais de todo tipo (como música, danza, teatro, ópera, poesía etc.) desenvolvíanse con todo luxo arredor da vida cortesá das diferentes monarquías europeas. Un bo exemplo foi a Francia de Luís XIV e a vida no

Palacio de Versalles, referente cultural en todo o continente.

Monarcas, a alta nobreza, o alto clero, e nos países protestantes, a burguesía, actuaban de mecenas de artistas como mostra do seu éxito económico, político e social.

Ao mesmo tempo, na vida na cidade e na aldea tamén había espazo para obras culturais de xéneros menores da literatura ou da música, con gran aceptación polas clases menos favorecidas, como os corrais de teatro.



Nos corrais de teatro tamén se distinguían claramente os privilexios sociais, xa que os distintos estamentos sentaban en zonas ben diferenciadas. Na imaxe pódese ver o de Almagro, que mantén a estrutura orixinal do s. XVII.

O mundo como lugar caótico, a brevidade da vida e o paso do tempo manifestábanse a través do dramatismo. Porén, tampouco se rexeitaba a propia beleza dunha natureza que agora se comezaba a ver con outros ollos, grazas ao pensamento racionalista e ao empirista. Deste modo, a traxedia e a morte representábanse con naturalismo e realismo buscando o impacto no público.



Sabías que...?

A pintura foi a que máis partido sacou dun xénero artístico moi ligado á cultura barroca, a vanitas. Un xénero moi semellante ao bodegón pero que ten como tema central a morte como elemento que dá fin aos praceres mundanos.

A vanitas intenta transmitir a inutilidade deses praceres ante a certeza da morte. Trata de advertir o ser humano da estupidez de querer asemellarse a Deus, pois este é inmortal. Tratábase pois de mensaxes moralizantes que lembraban o *momento mori*, é dicir que máis cedo ou tarde has morrer.

Ao tempo que se sinala a fugacidade da vida tamén se fai respecto de como vivimos ese momento fugaz. En palabras do autor clásico Horacio: *Carpediem, quam minimun credula postero* (disfruta o día e non confíes no mañá).





Vanitas (1610). Autorretrato de Clara Peeters



O derradeiro grolo (1639), de [Judith Jans Leyster](#).

Ciencia, fe e bruxería

A Igrexa, tanto a católica como a protestante, procuraba manter o control da cultura e da ciencia mediante diferentes medios como os tribunais da Inquisición, a prohibición e censura de libros, a declaración de herexías ou o dominio sobre as cátedras na universidade.


Paradoxicamente moitas persoas do eido científico, por motivos de fe e de seguridade persoal, evitaban a confrontación directa cos asuntos de Deus.

- En 1553, Miguel Servet (teólogo e científico, recoñecido universalmente polos seus traballos sobre a circulación pulmonar), foi executado acusado de herexía polo calvinismo suízo:

“Por estas razóns condeámoste, M. Servet, a que che aten e leven ao lugar de Champel, que alí che suxeiten a unha estaca e che queimen vivo, xunto ao teu libro manuscrito ou impreso, ata que o teu corpo quede reducido a cinzas”.

Traducido e adaptado de *Miguel Servet: Su vida y su obra*. 1989. José Barón Fernández. Madrid, Austral. páxs. 395-398.

- Galileo Galilei foi procesado e condenado, tras confesión, pola Inquisición e a Igrexa Católica en 1633. A sentenza ditaba cadea perpetua e abxuración das súas ideas, condena finalmente cambiada por unha reclusión domiciliaria de por vida.
- Porén, se alguén sufriu as consecuencias da intolerancia en relación á ciencia e á fe serían as mulleres. O conflito relixioso foi a excusa perfecta para levar a cabo o sometemento da figura feminina a través dun fenómeno que a Historia denominou caza de bruxas, en Europa. A caza de bruxas foi o fenómeno histórico que se deu entre os s. XV a XVIII en Europa e as colonias en América dentro do contexto das guerras de relixión, a intolerancia relixiosa e o cisma da Igrexa de Occidente entre católicos e protestantes.



En 1621 falecía [María Solinha](#) logo de ser sometida ao proceso da Inquisición. Esta veciña de Cangas pasaría a ser un dos exemplos galegos máis coñecidos de vítima desta “caza”.

Durante este período, milleiros de persoas en toda Europa, principalmente mulleres,

foron acusadas e executadas baixo o pretexto de practicar bruxería pero cun claro trasfondo de control social e sobre todo moral.

Atreveríaste agora a “purificarte” tras pasar exame ante o Santo Oficio con este [reto](#)?

Actividades

1. Ordena cronoloxicamente os cinco pasos do método hipotético dedutivo:

► Experimentación que permite confirmar como certeza ou refutar as hipóteses previas.

► Hipóteses que expliquen dito feito ou fenómeno.

► Observación do fenómeno.

► Formulación de leis unha vez as hipóteses sexan comprobadas empiricamente.

► Análise dos posibles resultados.

1º

2º

3º

4º

5º

2. Relaciona cada un dos seguintes inventos coa persoa que os inventou:

Telescopio

Barómetro

Termómetro

Galileo

Torricelli

Santorio

3. Sinala as palabras que mellor definan a cultura barroca:

- ☐ Dinamismo
- ☐ Romanticismo
- ☐ Contraste
- ☐ Tensión
- ☐ Calma

4. Cales dos seguintes elementos son métodos de control cultural e científico da Igrexa?

- ☐ Armas
- ☐ Censura
- ☐ Autocensura
- ☐ Inquisición
- ☐ Declaración de herexía
- ☐ Control da universidade
- ☐ Liberdade de cátedra do profesorado na universidade

5. Sinala a opción correcta para que a seguinte oración sexa certa. A caza de bruxas foi...

- ☐ ... a persecución das prácticas heréticas de homes e mulleres en América.

- ☐ ... a persecución das prácticas heréticas de homes e mulleres en Europa.
- ☐ ... a persecución das prácticas heréticas de homes e mulleres en Europa e América.

6. Sinala a opción correcta para que a seguinte oración sexa certa. O conflito relixioso foi o pretexto para...

- ☐ Dar máis liberdade ás mulleres.
- ☐ Someter as mulleres baixo o control dos homes (patriarcado).

7. Sinala cal das seguintes mulleres galegas morreu por mor da intolerancia relixiosa.

- ☐ Rosalía de Castro
- ☐ Emilia Pardo Bazán
- ☐ María Pita
- ☐ María Soliña

8. Coloquio. Neste apartado 4 puidemos aprender sobre a importancia da revolución científica. Debatede na clase se podemos ou non falar de revolución científica no s. XVII. Expoñede argumentos a favor e argumentos en contra. Podedes organizarvos en dous grupos de traballo, que partirán dos seguintes puntos:

- Revisión da unidade. Que foi a revolución científica do s. XVII?
 - ☐ Argumentos en defensa da existencia da revolución científica.
 - ☐ Argumentos en contra de dita revolución.
- Escribe unhas conclusións de maneira xustificada sobre a túa opinión á pregunta inicial do debate.
- Compartide ideas na clase respectando cada turno de palabra.

- 9. Traballo en parella.** A pesar de que o s. XVII é un período marcado pola crise, en moitas monarquías europeas falouse de século de ouro. A proposta desta tarefa é que investiguedes na Internet, por parellas, e presentedes un breve informe sobre o significado da expresión “Século de Ouro español”. Lede detidamente os apartados a tratar e seguíde esta rúbrica de avaliación como guía para desenvolver correctamente o exercicio.

A crise do s. XVII

Crise da hexemonía hispánica

O século XVII é recoñecido na Historia de España como o da crise da hexemonía hispánica. É dicir, un tempo de absoluta crise no plano especialmente político e económico, que levou a España a perder o seu papel de primeira potencia mundial.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

A situación de crise en España era tan complexa que o escritor Francisco de Quevedo así o contaba:



Quen ao rei lle quita a fatiga e o traballo do seu oficio mal ladrón é, porque lle furta a honra, o premio e o logro do seu cargo (...) Reinar é velar. Quen dorme non reina. Rei que cerra os ollos dálles garda das súas ovellas aos lobos e o Ministro que lle garda sono ao seu rei (...) gárdalle o sono e pérdelle a conciencia e a honra; e estas dúas cousas traen penitencia na ruína e desolación nos reinos. Rei que dorme, goberna entre soños; e, canto mellor lle vai, soña que goberna.

Traducido e adaptado de *Política de Deus, goberno de Cristo e tiranía de Satanás*. F. de Quevedo




Os motivos deste descalabro foron varios, se ben podemos resumilos en:



Incapacidade militar

[9]



Ineficacia política

[10]



Quebra económica

[11]



**Control da Igrexa
da cultura e da educación**

[12]



Revoltas internas

[13]



A peste

[14]



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

En 1619, Diego Sarmiento, Conde de Gondomar, advertía da situación de ineficacia política que rodeaba a monarquía hispánica:



Inglaterra e Holanda gañaron coas paces tanto como nós perdemos (...) Do que nós vestimos é de manufacturas de Inglaterra, de Holanda e doutras partes estranxeiras e por iso nos sacan o ouro e a prata e nos fan ociosos. En España son máis de cinco partes de seis os inútiles ao comercio e sustento da vida humana; en Inglaterra e Holanda non veñen sendo un de cada cen os ociosos e este é a causa porque crecen tanto en riqueza, poder e aumento de xente cando nós minguamos (...) Cada ano saen de España mais de doce millóns de ducados de prata e ouro e sendo dez os que entran, vaise consumindo tan sensiblemente o caudal que para vivir vén sendo forzoso facer moeda falsa (de vellón) e darlle o valor que non ten (...) Hoxe guerrear non se reduce ao emprego da forza, senón poñer toda a súa atención (...) a tregua acábase con Holanda e non parece que estea resolto o que temos que facer, e o que vexo é o coidado con que os holandeses se preveñen por mar e terra, e como ensancharon o seu comercio coa paz, e o mesmo fixeron os mercadores e o estado común de Inglaterra, que é grandísimo o tesouro e riquezas que teñen (...) Esta monarquía vaise acabando (...) debido a dous grandes inimigos que ten a VM. como son: un, todos os príncipes do mundo, e outro, todos os ministros e criados que servimos a VM.

Traducido e adaptado da [Carta a Filipe III de Diego Sarmiento, Conde de Gondomar](#) (1619)



Vexamos agora os reinados de Filipe III, Filipe IV e Carlos II, denominados dos austrias menores pola súa decadencia.



[15]



[16]



[17]



Sabías que...?

Galicia e a guerra con Portugal

Galicia nunca foi un territorio doado á hora de conseguir homes para defender os intereses da Coroa. A guerra de Portugal (para moitas galegas e galegos unha guerra fraticida); as necesidades da Armada para combatir o corso en América e Europa, e a inacabable guerra en Flandres, demandaban soldados constantemente.

A resistencia a participar nas levas, tanto das elites sociais como das clases populares galegas, facía que o recrutamento non se fixese por voluntariedade, como sucedía por exemplo na meseta. Revoltas locais, queixas da nobreza, amotinamentos e desercións levaron a un alistamento forzoso ou por sorteo obrigatorio a través dun sistema chamado de terzos “pilones”. O Condestable de Castela xa advertía de que “todos os soldados que serven nestes terzos son forzados, tanto como se estiveran en galeras...”.

Malia todo, como indicaría o Conde de Monterrei en 1671, a imaxe dos galegos unha vez na fronte permite facerse a idea das pobres condicións de vida no país.

“De todas as provincias de España ningunha produce xente tan a propósito para manterse nestes estados coma o reino de Galicia, onde a esterilidade e a miseria en que se manteñen aqueles naturais, e a grande docilidade que os acompaña para a obediencia e robustez para o traballo (...) máis que noutros españois, resplandece a disciplina militar e obediencia, a permanencia no servizo e viven sans, robustos e ben vestidos co mesmo que outros están miserables...”.

Extraído e traducido de *De Galicia a Flandres: Recrutamento e servizo de soldados galegos no exército de Flandres (1648-1700)*. Proposición do Conde de Monterrei, 1 de xullo 1671. Antonio José Rodríguez Hernández, Instituto Universitario de Historia Simancas-Universidad de Valladolid-CSIC. Obradoiro de Historia Moderna, N.º 16, 213-251, 2007, ISSN: 1133-0481

A era do mercantilismo

A economía na Europa do século XVII era fundamentalmente de base agrícola. Outras actividades importantes eran o comercio ou as industrias manufactureiras.

A **agricultura** tradicional estaba suxeita ás malas condicións climáticas. A guerra e a peste agravaron a situación deixando os campos ermos e sen apenas mans para traballalos. Deste modo, o descenso da produción agraria aumentou os episodios de fame da poboación europea.

As maiores novidades déronse na **produción de manufacturas** grazas ao gran desenvolvemento que se viñera facendo no comercio marítimo. O modelo gremial, de orixe medieval, entraba en crise por mor da competencia. Comezan a destacar dous modelos:

- O traballo doméstico, no que o empresario ou comerciante facilita materia prima (en ocasións maquinaria, como pequenos teares) ao campesiñado. Este obtén do seu traballo un complemento económico ás súas actividades agrícolas habituais e facilita as manufacturas para que os comerciantes as introduzan nos mercados.
- Os talleres reais, fábricas patrocinadas polas monarquías absolutas como consecuencia da aplicación de políticas mercantilistas.

O **mercantilismo** representa o pensamento económico dos séculos XVI e XVII, que defendía que a riqueza dun Estado depende da acumulación de metais preciosos (ouro e prata) froito fundamentalmente do seu comercio exterior, do **fomento das exportacións e o freo ás importacións**.

Jean Baptiste Colbert, ao que acabas de coñecer na infografía, é un dos máximos representantes do mercantilismo. A súa política económica desenvolvida en Francia recibiría o nome de colbertismo. O descubrimento, colonización e explotación das novas colonias en América e a obtención de ouro e prata provocaron a explosión do comercio ultramarino e Atlántico. Os estados carentes desas minas das que gozaban España ou Portugal buscaron a alternativa no comercio ou na piratería.



Sabías que...?

No século XVII nace o que historiadores e historiadoras deron en chamar a idade dourada da piratería. Piratas e filibusteiros non tiñan unha [vida doada](#) a pesar da súa aparente liberdade. A vida do mar era realmente dura. Máis aló das imaxes que todos temos en mente, onde se mestura ficción e realidade, a través da literatura ou do cine, era evidente o enorme risco de perder a vida en enfrontamentos coas frotas reais ou outros piratas.

Outro modo de exercer a piratería era mediante a patente de corso, isto é unha autorización da monarquía para practicar a piratería contra potencias rivais. A monarquía hispánica, a pesar de ser unha das principais vítimas da piratería e do [corso](#), tamén financiaba este tipo de actividades. A piratería non foi soamente unha actividade de homes. A historia tamén nos deixou pegadas de temidas piratas como Grace O'Malley, Anne Boney, Mary Read ou, para o século XVII, a francesa Anne Dieu le Veut, que chegou a sobrevivir incluso ao cativerio dos españois.

Se tes curiosidade por indagar no mundo pirata podes acudir a esta colección de reportaxes de [National Geographic](#).

Imos comprobar canto sabes de piratería máis aló das aventuras de Jack Sparrow cun xogo.



**Canto sabes,
pirata?**

Crise económica en España e
Galicia

Os elevados gastos da Corte, e sobre todo da política exterior para salvagardar os intereses da monarquía obrigaron a ampliar as fontes de ingresos. As principais formas de obtelos serían a través de impostos como o décimo, a alcabala ou o imposto de “millóns”; rexistros e censos de poboación como o encabezamento e os arrendamentos.

O sistema de *asiento* era un tipo de contrato baixo control da Coroa, que favorecía certos monopolios comerciais, no que destacaba sobre todo o de escravos en mans holandesas e especialmente portuguesas. En España, se ben non se admitía a escravitude (dos súbditos da Coroa), tamén se procurou acceder ao control deste mercado.



Sabías que...?

Unha das actividades comerciais máis frutíferas e tamén das máis vergoñantes da historia das relacións de Europa con América foi o comercio de persoas escravas, sobre todo africanas. Un negocio tanto ou máis lucrativo que o tabaco, o cacao, os cereais e outros produtos cos que se traficaba no século XVII polas augas do Atlántico e do Pacífico.

Neste contexto sobresaía a figura dunha muller, Ana de Sousa, tamén chamada **Ngola Ana Nzinga Mbande**, raíña de Ndongo (actual Angola). Gobernante, guerreira, líder da resistencia contra Portugal na rexión pero tamén tratante de escravos. Hoxe a figura e a historia desta apaiñoante muller é referencia incluso pola UNESCO como exemplo de mulleres históricas de África e foi convertida en icono feminista.


Se queres saber máis sobre a figura desta muller animámoste a ler “**A raíña angoleña que desafiou ao mundo**”.



A economía da monarquía hispánica entrou nunha crise a pesar do intento de reformas durante o reinado de Carlos II. De feito, a quebra económica traducíuse en seis bancarrotas entre o reinado de Filipe III e Carlos II. A que se debeu esta crise?

- Falta dunha nobreza emprendedora que, en lugar de vivir de rendas, investise os seus beneficios en actividades produtivas xunto coa burguesía.
- A burguesía acomodada pensaba máis en ennobrecerse e vivir de rendas que en desenvolver os seus negocios.
- Unha mala xestión dos recursos traídos do comercio mariño con América, dedicados case exclusivamente a manter as campañas militares no exterior e a pagar as débedas a prestamistas europeos.
- Descenso dos fletes de ouro e prata chegados de América.
- Técnicas agrícolas atrasadas a pesar do aumento da produción dos cultivos de trigo, vide e oliveira.
- O Real Consello da Mesta e a exportación de la de Castela foi un freo para a agricultura de cereais da meseta.
- Industria suxeita á produción artesanal de manufacturas baixo o control dos gremios. A excepción sería o sector téxtil, reservado ao consumo das elites sociais, como os panos segovianos ou a fábrica de mantelerías de A Coruña.
- Fortes desaxustes rexionais en canto á poboación entre a costa e o interior, a excepción de grandes capitais como Madrid ou Valladolid.

Créditos: [Atlas Nacional de España](#)



- O monopolio sevillano no comercio de América.
- A crise demográfica reduciu a demanda de produción e privou de man de obra.



UN FRAGMENTO DE HISTORIA

De todas estas causas falaba o historiador Cabrera de Córdoba na súa obra *Relación das cousas sucedidas na Corte de España dende 1599 ata 1614*.



Sendo o trato e comercio e labranza e crianza e o exercicio das cousas que se fan por Arte e industria a substancia e o nervio da conservación e aumento dos reinos, nestes de Castela está moi caído todo isto; e unha das súas causas foi a gran disposición que houbo neles de xuros e censos de prezos tan acomodados que tivo a súa ganancia por maior que a do trato e comercio, labranza e crianza; e como todos procuran empregar a súa facenda naquilo que maior beneficio e menos traballo das súas persoas poden sacar dela, atopando estas comodidades nos xuros e censos, inclináronse a compralos e vivir coa súa renda, sen se meter nos coidados con que se exercita todo xénero de contratación, do que tamén resultou o feito de se facer a xente ociosa.


Extraído e traducido de *Relación das cousas sucedidas na Corte de España desde 1599 ata 1614*, Cabrera de Córdoba. Citado en Gelabert, J. E. *A Bolsa do Rei*, 1997.



Na procura de atopar solucións e tomar medidas contra a crise económica destacou o labor dos arbitristas, os primeiros que tiveron conciencia da crise. Dirixían proposición ou arbitrios advertindo os monarcas nos s. XVI e XVII dos problemas económicos do reino e facíanlles recomendacións para aplicar políticas de tipo financeiro e fiscal. Algúns nomes a salientar son Lope de Deza, Sancho de Moncada ou Xoan de Mariana.

Evolución da poboación

A evolución da poboación europea tamén reflectiu a situación dos acontecementos que se estaban a dar no continente. O século XVII caracterizouse por unha forte ralentización do crecemento demográfico, que apenas creceu un 5%.




O empeoramento do clima deu lugar a malas colleitas que, xunto coa guerra, deixaron os campos ermos. A continuación veu a fame e, finalmente, a peste. En territorios como España e Portugal, pero tamén en Reino Unido, Países Baixos e en menor medida Francia, a emigración a América tamén tería consecuencias neste sentido.

A mortandade aumentaría nos anos nos que guerra, fame e peste coincidían no tempo, como en Alemaña durante a contenda dos 30 Anos.

O comportamento foi moi desigual entre os diferentes países, se ben o comportamento da poboación informa do cambio de equilibrios de poder en Europa, desprazándose do Meditarráneo cara á rexión atlántica do noroeste.

Crecemento demográfico en Europa 1600 - 1700 (s. XVIII)



España, foi un dos reinos onde máis se sentiu a crise demográfica do s. XVII. Ao igual que no resto do continente, malas colleitas, guerra, fame e peste foron as causas deste comportamento desigual ao longo da península (lembra que Portugal formaba parte da monarquía hispánica).


- A **expulsión mourisca** en 1609 provocou nos territorios da coroa de Aragón unha auténtica debacle demográfica. En Valencia e Aragón supuxo unha perda superior ao 20% da poboación.
- Cataluña sufriu os efectos da peste, pero tamén da guerra dentro do seu propio territorio.
- A poboación da coroa de Castela levou o peso da colonización de América e o mantemento dos exércitos que combatían no continente e nos mares.
- A **peste** agravou a situación sobre todo en Andalucía, en cidades como Sevilla. A excepción deuse en territorios como Galicia, onde a incorporación á dieta de

produtos importados de América como o millo ou a pataca fixeron que o noso territorio tivera un comportamento demográfico moi positivo.



O fin do período bélico, a mellora do clima e o aumento das colleitas e as medidas contra a peste do derradeiro terzo do s. XVII permitiron o cambio de tendencia no comportamento demográfico e a poboación europea iniciou un camiño de crecemento que xa non tería freo nas centurias seguintes, grazas aos avances na agricultura e industrialización, primeiro en Reino Unido e logo na Europa continental.

Crecemento de poboación Europea s. XVII



Actividades

1. Cales dos seguintes monarcas son considerados austrias menores?

☐ Carlos I

☐ Filipe III

☐ Filipe IV

☐ Filipe II


☐ Carlos II

2. Sinala, de entre as seguintes, as causas da crise da monarquía hispánica:

- ☐ Fortaleza militar, os terzos eran o mellor exército de Europa.
- ☐ Bonanza económica grazas á chegada de ouro e prata de América.
- ☐ Ineficacia política. Goberno en mans de favoritos ou validos.
- ☐ Revoltas internas como as de Portugal ou Cataluña.
- ☐ A peste, que afectou sobre todo ao Levante e Andalucía.


3. Observa a gráfica e contesta:

Crecemento de poboación Europea s. XVII



a. Que tipo de gráfica aparece representada neste exemplo?

- b. Que países sufriron un estancamento no crecemento da poboación?
- c. Cal tivo un crecemento negativo?
- d. Que territorio experimentou un maior crecemento demográfico?



4. Creatividade ao poder! Nas actas das Juntas do Reino de Galicia de 1640-1641 recollíase a seguinte información para que o exército de participación galega estivese representado neste estandarte: “ (...) para esta ocasión o exército contra Portugal, de damasco carmesí, bordado en prata e ouro, coas armas reais e do Reino (...) e que nunha parte se poña a imaxe do glorioso Apóstolo, Patrón das armas españolas”.

Deseña a bandeira estandar coa que o Reino de Galicia desexaba ir representada en dita guerra.

Para facer esta actividade ten en conta a rúbrica coa que se che avaliará.

↑[9]

Incapacidade militar

A pesar de ter un dos exércitos máis potentes de Europa, liderado polos temidos *terzos*, a monarquía hispánica non foi quen de defender un imperio ultramarino ao tempo que se mantiña unha guerra constante para defender os intereses en Europa.

↑[10]

Ineficacia política

Falta de atención dos gobernantes, máis preocupados por aspectos máis mundanos e por disfrutar dunha vida cortesá. Os *austrias menores* deixaron o goberno en mans de *validos*, favoritos da Corte, que medraban e empregaban constantemente o poder en beneficio propio.

↑[11]

Quebra económica

Inclúense 6 bancarrotas entre o reinado de Filipe III e o de Carlos II. Foron provocadas polos elevados gastos da corte, as guerras, a piratería no comercio de ultramar, a falta de elites sociais que investisen en actividades económicas en lugar de vivir de rendas e o descenso das remesas de ouro e prata chegados de América.

↑[12]

Control da Igrexa da cultura e da educación

A Igrexa católica, defensora a ultranza da Contrarreforma exercía de freo á entrada e divulgación do coñecemento, especialmente científico, a través da censura e da acción da Santa Inquisición.

↑[13]

Revoltas internas

É o caso de Cataluña ou Galicia, afogadas polas guerras con Francia e Portugal, onde as elites, nobreza e clero, perdían o seu nivel de renda e as clases traballadoras non podían cos pagos de impostos á monarquía, á Igrexa ou a terratenentes.

↑[14]

A peste

Afectou sobre todo, aos territorios meridionais e orientais con especial influencia en Andalucía, Levante, Cataluña e Aragón.

↑[15]

Filipe III (1598-1621)

- Dá inicio ao goberno dos validos: o duque de Lerma foi o primeiro valido real.
- Política exterior pactista e pacífica, asinou a tregua dos 12 Anos coas Provincias Unidas.
- Revoltas en Portugal, piratería holandesa en América e Asia, [piratería berberisca](#) no Mediterráneo e conflitos no [Milanesado](#), Italia.
- Bancarrota 1606-1607.
- Expulsión da poboación mourisca (decreto de 1609).
- Comeza a guerra dos 30 Anos (1618).

↑[16] Filipe IV (1621-1665)

- O conde duque de Olivares foi o seu valido, cuxas principais reformas se encamiñaron á recaudación para a Facenda real (Gran Memorial e [Unión de Armas](#)).
- Rebelión en Cataluña, Corpus de sangue, revoltas en Galicia e Portugal (inicio da independencia portuguesa).
- Paz de Westfalia (1648) e Paz dos Pireneos (1659). Fin da guerra dos 30 Anos.
- Descenso das remesas de ouro e prata. Declaradas catro bancarrotas (1627, 1647, 1652 e 1662).

↑[17]

Carlos II (1665-1700)


- Loitas internas polo poder no consello de rexencia de Mariana de Austria. Valenzuela, derradeiro valido. [Xoán Xosé de Austria](#), fillo bastardo recoñecido de Filipe IV, faise co control do poder ata a súa morte en 1679.
- Independencia de Portugal (1668) e Paz de Lisboa.
- Concesións territoriais a favor de Francia: Paz de Aquisgrán (1668) e de Nimega (1678).
- Crise política, económica e social do reino das Españas. A pesar de todo, España seguía a ser o [maior Imperio colonial á altura de 1700](#).
- Morte sen descendencia e guerra de Sucesión (1700), unha guerra civil e unha guerra europea. Con Filipe V naceu unha nova dinastía, os Borbón.

Ao peche

Que aprendiches?

Cando comezamos a unidade fixémosche unhas cantas preguntas. Moitas delas pode que as souberas, pero moitas outras non. Agora que xa tes moita máis información podes contestar a todas elas. Imos tentalo.

1. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Que significa para ti a palabra “tolerancia” e a expresión “ser tolerante”?


A large, empty rectangular box with a thin grey border, intended for the student's reflection on the first question.

2. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Que sabes dos mosqueteiros? Coñeces dalgún outro rexemento militar que puidera incluso superar a destreza militar dos mosqueteiros? Poderían ter combatido d’Artagnan e os tres mosqueteiros contra o Capitán Alatrisme?

- 3. Reflexiona e valora o teu traballo.** Por que no s. XVII falamos constantemente de Século de Ouro?

- 4. Reflexiona e valora o teu traballo.** Como é que moitas mulleres no s. XVII eran acusadas de bruxería e cazadas?

- 5. Reflexiona e valora o teu traballo.** Por que historiadores e historiadoras falan de crise do s. XVII? Deuse esta crise en todas as principais potencias de Europa neste tempo?



Avalíate

Amosámosche a continuación algunhas actividades para avaliarte. Dispós de tres intentos para superar cada actividade.

Lembra **seguir estes pasos** para realizar estas actividades que che servirán de gran axuda:

1. Le atentamente o enunciado.
2. Identifica que che preguntan.
3. Ordena, se é necesario, os datos que che piden.
4. Resolve a actividade.
5. Asegúrate de que contestaches todas as preguntas.
6. Se o precisas, repite todos os pasos.

6. Sinala verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións:

Tras a paz de Augsburgo en 1555, o novo emperador alemán, Fernando I, recoñeceu a tolerancia relixiosa nos principados do Imperio.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Hugonotes é o nome polo que se recoñeceu aos protestantes en Francia.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

As guerras de relixión en Francia comezaron tras a *matanza de San Bartolomeu*.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Inglaterra esnaquizou definitivamente a armada hispánica nas costas de Galicia e Portugal en 1589 coa Contra Armada.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A economía holandesa baseábase no comercio mentres a de Flandres era de base agrícola.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A confirmación da independencia dos Países Baixos levouse a cabo no s. XVI.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

7. Cales das seguintes son bases do poder absoluto?

- ☐ O sometemento de todos os poderes á autoridade real.
- ☐ O centralismo e unificación do territorio.
- ☐ A mellora da burocracia.
- ☐ A guerra sempre se antepón á diplomacia nas relacións internacionais.
- ☐ A figura do valido ou privado.
- ☐ O sometemento da monarquía aos intereses dos grupos privilexiados.
- ☐ A monarquía electiva.

8. Sinala verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións sobre a revolución inglesa:

A revolución inglesa foi un posible punto de partida do ciclo revolucionario iniciado coa independencia dos EEUU, a Revolución Francesa no s. XVIII e as Revolucións Liberais no s. XIX.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O parlamentarismo foi o pensamento político que máis respaldou o absolutismo.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os parlamentos recibiron cada vez máis poder por parte das

monarquías absolutas.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

A revolución supuxo que por primeira e única vez fora proclamada unha república en Inglaterra.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

Carlos I foi o primeiro gobernante da República de Inglaterra.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

9. Indica as afirmacións correctas que atopas sobre a guerra dos 30 Anos:

- ☐ A principal causa relixiosa foi a quebra da tolerancia.
- ☐ As principais causas políticas foron dúas: a resistencia ao absolutismo e a supremacía política en Europa.
- ☐ As principais causas económicas foron o control da rica rexión de Bohemia e do comercio nos mares do norte de Europa.

10. Escribe no texto as palabras correctas para completar os acontecementos relatados no fragmento:

A paz de _____, cos tratados de _____ e _____, asinada en 1648, poría fin á guerra dos _____ Anos nos territorios alemáns, así como á guerra dos _____ Anos entre os Países Baixos e _____. O máis importante destes tratados sería que sentarían as bases das relacións internacionais futuras baseadas no uso da _____ para a resolución de conflitos e o multilateralismo, e poñían

fin, aparentemente, ás guerras de relixión en favor da ____ relixiosa en ____.

11. Sinala que filósofo se atopa tras cada un dos seguintes pensamentos:

- a. Indicaba que a duda metódica era o camiño para chegar ao coñecemento, ao cal accedemos mediante o emprego da razón, “Penso, logo existo”. ►
- b. Defendía a necesidade de chegar ao coñecemento da natureza a través da experimentación, de feito que corroborase aquilo que pensabamos. ►
- c. Creou o seu método científico conxugando racionalismo e empirismo. ►

12. Relaciona os campos do saber e investigacións científicas coas persoas que os realizaron:

Órbitas elípticas	Isaac Newton
Logaritmos neperianos	Johannes Kepler
Lei da Gravitación Universal	René Descartes
Circulación sanguínea	William Harvey
Xeometría	John Napier
Presión atmosférica	María Sibylla
Astronomía e horticultura	Blaise Pascal
Parteira	Jane Sharp

13. Relaciona cada monarca cos feitos históricos que protagonizou na seguinte táboa:

	Filip e III	Filip e IV	Carl os II
O seu valido foi o conde duque Olivares.	☐	☐	☐
Política exterior pactista e pacífica. Tregua dos 12 anos coas Provincias Unidas.	☐	☐	☐
Expulsión da poboación mourisca (decreto de 1609).	☐	☐	☐
Descenso das remesas de ouro e prata. Declaradas catro bancarrotas.	☐	☐	☐
Xoán de Austria faise co control do poder.	☐	☐	☐
Morte sen descendencia	☐	☐	☐
Fin da guerra dos 30 Anos (1648).	☐	☐	☐

14. Completa o texto con algúns dos termos que estudaches na unidade:

exportacións

mercantilismo

riqueza

importacións

exterior

pensamento

O representa o económico dos s. XVI e XVII, que defendía que a dun Estado depende da acumulación de metais preciosos (ouro e prata), froito fundamentalmente do seu comercio , do fomento das e o freo ás .

15. Sinala verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións:

A poboación europea no s. XVII se caracterizou por unha forte

descenso demográfico.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O comportamento demográfico foi moi parello en toda Europa.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O empeoramento do clima, a guerra e a peste foron algunhas das principais causas do estancamento no crecemento demográfico en Europa no s. XVII.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A poboación española no s. XVII caracterizouse por un forte descenso demográfico.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A expulsión mourisca foi moi importante na crise demográfica en Aragón e Valencia.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A peste e as malas colleitas provocaron un forte descenso da poboación en Galicia.

- ☒ Verdadeiro
- ☐ Falso

Reforza

16. Sinala a resposta correcta. Que paz puxo fin en 1555 ás guerras de relixión contra o emperador Carlos V (Carlos I de España)?

- ☐ A paz de Mülberg.
- ☐ A paz de Würms.
- ☐ A paz de Esmalcalda.
- ☐ A paz de Augsburgo.

17. Sinala a resposta correcta. A doutrina que máis influencia tivo na poboación protestante en Francia foi o...

- ☐ ... anglicanismo.
- ☐ ... catolicismo.
- ☐ ... hugonotismo.
- ☐ ... calvinismo.

☐ ... luteranismo.

18. Sinala a resposta correcta. A raíña inglesa que deu maior estabilidade ao reino de Inglaterra foi...

☐ ... María I Tudor.

☐ ... Sabela Tudor.

☐ ... María I Estuardo.

19. Sinala a resposta correcta. O monarca máis representativo da monarquía absoluta en Europa no s. XVII foi...

☐ ... Luís XVI de Francia.

☐ ... Filipe III de España.

☐ ... Xacobe I de Inglaterra.

☐ ... Filipe IV de España.

☐ ... Luís XIV de Francia.

20. Le o seguinte fragmento e redacta un breve comentario no que contestes, cando menos, ás preguntas sinaladas. Lembra contextualizar a época.

Tratado de Münster (Westfalia, 30/1/1648)

Logo de sangrentas guerras que aflixiron por tantos anos os pobos, súbditos, reinos e países da obediencia dos señores reis das Españas e Estados Xerais das Provincias Unidas dos Países Baixos, (...), desexando poñer fin ás calamidades públicas (...) acordan:

I. O rei Don Filipe IV (...) declara e recoñece que os Estados Xerais dos Países Baixos Unidos (...) son Estados, provincias e países libres e soberanos e, (...) en consecuencia, quere establecer con ditos Estados, como así fai pola presente, unha paz perpetua (...)

III. Cada un quedará en posesión e gozará efectivamente dos países, cidades, prazas, terras e señoríos que ten e posúe no presente.

- a. Ante que **tipo de texto** estás?
- b. Que país obtén a independencia co tratado de Münster?
- c. Quen goberna España durante este conflito?
- d. Que guerra finaliza coa sinatura deste tratado?

21. Sinala as respostas correctas para completar a oración. A crise da economía española do s. XVII debeuse a...

- ☐ ... falta dunha nobreza e burguesía emprendedoras que investían os seus beneficios en actividades produtivas.
- ☐ ... endebedamento da coroa por mor das guerras e dos prestamistas.

- ☐ ... descenso dos *fletes* de ouro e prata chegados de América.
- ☐ ... técnicas agrícolas avanzadas e moi tecnificadas.
- ☐ ... industria suxeita á produción artesanal de manufacturas baixo o control dos gremios.
- ☐ ... fortes desaxustes rexionais entre a costa e o interior
- ☐ ... liberdade comercial dos portos españois para o comercio con América.

22. Relaciona cada monarca cos feitos históricos acontecidos durante o seu reinado:

	Filip e III	Filip e IV	Carl os II
Dá inicio ao goberno dos validos. O duque de Lerma é o primeiro valido.	☐	☐	☐
Independencia de Portugal.	☐	☐	☐
Comeza a guerra dos 30 Anos.	☐	☐	☐
Concesións territoriais en favor de Francia: Paz de Aquisgrán (1668) e de Nimega (1678).	☐	☐	☐
Inicia unha guerra de sucesión ao trono.	☐	☐	☐
Rebelión en Cataluña, Corpus de sangue, revoltas en Galicia e Portugal (inicio da independencia portuguesa).	☐	☐	☐

23. Traballo en parella. Atendendo á información facilitada na presente unidade, reflexiona co teu compañeiro ou compañeira e elaborade un texto escrito que recolla as principais bases e características da monarquía absoluta.

Amplía

- 24.** Desenvolve un comentario de texto histórico a partir deste fragmento. Escríbeo seguindo as instrucións que che damos. A rúbrica da tarefa guiará os teus pasos co fin de obter os mellores resultados.

Restauración política en España. Sancho de Moncada (1619)

A ociosidade e a folganza é vicio dos españois ben coñecido de estranxeiros, e eles (...) traen todo o preciso feito, de modo que non haxa xa en que traballar (...) A este intento se debe prohibir sacar os materiais e entrar nas mercadorías labradas (...) Digo que no caso que V.M. non se resolva a prohibir as mercadorías estranxeiras, é suave modo de prohibilas cargarlles tan grandes impostos que non se merquen de caras, e o mesmo aos materiais que se queiran sacar de España (...) Porque España fai ao revés, porque vende a lá, e merca as telas feitas (...) E hai experiencia que vemos que repúblicas que adoitaban ser moi pobres medraron labrando mercadorías, como son Francia, Flandres, Xénova e Venecia. E vemos que España é rica de froitos e froitas empobreceu por non labralas (...) A razón de ter empobrecido España é porque gastando eles as súas mercadorías, arrinconando todos os tratos e comercios de España, (...) E comunicando eu isto con homes prácticos e de negocios, din que os estranxeiros negocian en España de seis partes as cinco de canto se negocia nela, e nas Indias de dez partes, as nove: de modo que as Indias son para eles.

Tempo de ocio!

- Videoxogos

O século XVII é probablemente un dos que peor parado sae no mundo dos videoxogos de temática histórica.

Recomendámosche [Town of Salem](#). Un multixogador online, con alpha e beta *free to play* para móbiles IOS e Android. Forma parte da veciñanza da mítica vila de Salem, nos EEUU, onde darás caza e setenza a quen “xoguetea” coa bruxería. Outros xogo con temática meiga pode ser [Blasphemous](#), videoxogo de plataformas de produción española ambientado na Sevilla do s. XVII. Velázquez, Ribera ou Murillo teñen aquí un espazo virtual que non se esquece deles.

Se che vai a piratería proba con clásicos como Monkey Island ou Sid Meier’s Pirates. Se queres visións máis recentes téntao con [Sea of Thieves](#).

- Lectura

Case imprescindible para todo amante da literatura universal son *Os 3 mosqueteiros*, de Alexandre Dumas. Tamén [As aventuras do capitán Alatriste](#) asinadas por Arturo Pérez-Reverte ou o clásico *O Alcalde de Zalamea* (Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes), de Calderón de la Barca, ou o [Diario da peste](#) de Daniel Defoe.

- Cine

Se o que che vai máis é gozar do audiovisual sentado nunha “butaca”, daquela as túas opcións poden ser desde interpretacións recentes, como [A raíña Margot](#), [María Raíña de Escocia](#), *La joven de la perla* ou xa máis na liña documental, [A decadencia dun Imperio. Dos Austrias aos Borbóns](#) ou [A decadencia política no Século de Ouro](#).

Glosario

Absolutismo

Doutrina política baseada na defensa da lexitimidade do goberno por parte da monarquía, dotada de plenos poderes. É dicir, poder absoluto, concentra todo o poder na súa figura pola graza de Deus.

Abxuración

Abandono dunha crenza, ideoloxía, doutrina etc., que se profesaba.

Alcabala

Tributo que quen vendía pagaba ao fisco nos contratos de compravenda e os dous contratantes nos casos de permuta.

Arbitrista

Corrente do pensamento económico español que defendía que as reformas fiscais permitían á Coroa saír con éxito da crise económica do s. XVII.

Armada Invencible ou Felicísima Armada

Nome polo que a historiografía anglosaxona definiu a expedición da Armada de Filipe II en 1588 fronte á frota británica, co fin de invadir Inglaterra e depoñer a Sabela I do trono.

Austrias menores

Nome polo que se coñecen os monarcas españois do s. XVII, coincidindo coa decadencia da casa de Austria. Son Filipe III, Filipe IV e Carlos II.

Bancarrota

Quebra comercial ou ruína, habitualmente por unha actividade fraudulenta.

Cadafalso

Estrutura construída con táboas, que se levantaba para executar as persoas condenadas a morte.

Colbertismo

Política económica levada a cabo por Jean Baptiste Colbert, en Francia, baseada nas teses mercantilistas.

Contra Armada ou Invencible inglesa

Nome que recibiu a derrotada expedición da frota británica co fin de destrozar finalmente a forza marítima da monarquía hispánica. Neste contexto destacou a heroica actuación de María Pita na defensa da cidade de A Coruña.

Décimo

Tributo equivalente ao dez por cento que sobre o valor dalgunhas mercadorías recibía a monarquía.

Encabezamento

Padrón da veciñanza para a imposición do pago de tributos.

Estatúder

Especie de xefe de goberno ou conselleiro de máxima confianza da monarquía nos Países Baixos.

Filibusteiro

Pirata que nos séculos XVII e XVIII navegaba polas Antillas. Tamén se coñece como

bucaneiro.

Flete

Carga ou mercadoría que se transporta por mar ou por terra.

Gran Memorial

Proxecto reformista presentado polo valido conde duque de Olivares ao rei Filipe IV, co fin de levar a cabo un proceso centralizador e castelanizador do reino.

Hexemónica

Pertencente á hexemonía (dominio económico, político ou cultural que unha nación exerce sobre outras).

Leva

Alistamento de persoas para servir os intereses defensivos da Coroa, habitualmente buscábanse malfeitores ou xente sen oficio.

Liga Hanseática

Federación comercial formada por cidades e portos do imperio alemán que dominou o mar Báltico e levou moita prosperidade a estas rexións.

Mendigos do Mar

Nome polo que se identificaba os piratas rebeldes que loitaban a favor de Guillerme de Orange e contra o imperio hispánico.

Mourisco, mourisca

Persoa de ascendencia musulmá de Al Andalus, convertida ao cristianismo. Durante o reinado de Filipe III foron expulsadas de España, provocando unha crise demográfica nos lugares onde residían.

Multilateralismo

Cooperación e acordo entre tres ou máis países para acadar obxectivos comúns sobre unha cuestión determinada. Opóñese ao unilateralismo, onde un Estado ou país toma

unha cuestión determinada. Oponse a unilateralismo, onde un Estado ou país toma decisións propias que afectan a terceiros países sen ter en conta a opinión dos seus aliados ou inimigos.

Real Consello da Mesta

Xunta que pastores e propietarios de gando tiñan anualmente, na que se falaba de negocios e distribución de animais.

Rexencia

Período no que unha persoa é designada para substituír os labores dun rei ou raíña durante a súa minoría de idade.

Sacro Imperio Romano Xermánico

Territorio fundado por Otón I no s. X baixo a autoridade imperial que se estendeu por case a totalidade de Europa central ata o s. XIX. Formado por Estados independentes, entre os que destacaban os príncipes electores, encargados de elixir o emperador.

Soberanía

Calidade de soberano, de quen ten a autoridade suprema. Carácter dunha nación ou organismo que non está sometido a outro.

Terzos

Corpo militar correspondente á infantería que formaba parte do exército español nos séculos XVI e XVII. Un dos máis importantes rexementos deste período histórico, popularmente famosos polas súas intervencións en Flandres.

Unión de armas

Proxecto de contribución fiscal e militar no Reino de Filipe IV proposto polo valido conde duque de Olivares. Segundo esta, cada territorio faría unha contribución proporcional á súa riqueza.

Validos

Persoas nas que a monarquía española do s. XVII deixaba o control do goberno como figuras da súa máxima confianza.

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2021

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autores dos contidos: Félix Longueira Fafián, Xosé Antón García González, Darío Doval Blanco, Ana María Regueira e Rosalía Regueiro Méndez.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2021.

ISBN: 978-84-18513-38-1